# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 12 de DECEMBRO de 2025

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

Dª Mª Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día doce de decembro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(925).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria acta da sesión extraordinaria e urxente do 4 de decembro e ordinaria do 5 de decembro de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(926).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E CONFIGURACIÓN DUNHA SOLUCIÓN DE CONTROL DE ACCESO Á REDE (NAC). EXPTE. 10774/113.**
Visto o informe xurídico de data 02/12/2025 e o informe de fiscalización do 04/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/11/2025, asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática, o xefe do Servizo de Adminis-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 1 de 108 |
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

tración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- En data 25/08/2025 o Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciaron o expediente coa finalidade da contratación do subministro, instalación e configuración dunha solución de control de acceso á rede (NAC) para o Concello de Vigo.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 25/08/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Memoria económica do contrato de data 25/08/2025, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de 26 e 27 de agosto respectivamente.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 29/09/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 09/10/2025 asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 28/10/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Memoria xustificativa do contrato de data 19/11/2025, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 20/11/2025.

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro**.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 25/08/2025 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo**.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramítase como un contrato de subministros.

**Terceiro**.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto**.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto**.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria con múltiples criterios de valoración, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.**- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa,



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 3 de 108 |
|---|---|---|
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.**- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.
Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro, instalación e configuración dunha solución de control de acceso á rede (NAC) para o Concello de Vigo, no que constan:
- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 25/08/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Memoria económica do contrato de data 25/08/2025, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de 26 e 27 de agosto respectivamente.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 29/09/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 09/10/2025 asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 28/10/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Memoria xustificativa do contrato de data 19/11/2025, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 20/11/2025.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **160.000,00 €**, que inclúe un IVE de **27.768,60 €**, dende o 1 de xaneiro de 2026, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

| Exercicio | Concepto | Partida/Proxecto | Base | IVE | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| 2026 | SISTEMA CONTROL ACCESO A REDE NAC | 9207.6260040/25920740 SISTEMA DE CONTROL DE ACCESO Á REDE NAC | 132.231,40 € | 27.768,60 € | 160.000,00 € |

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(927).- SOLICITUDE DUNHA SUBVENCIÓN PARA O COFINANCIAMENTO DO «PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADITIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO (2025 – 2028)». EXPTE. 289741/301.**

Visto o informe de fiscalización do 09/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 8/12/2025, asinado polo xefe de Área de Benestar Social e conformado polo asesor xurídico adxunto a Benestar Social e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. O 5.12.2025 a Concelleira delegada de Política de Benestar Social, á vista do informe do 5.12.2025 do Xefe de Área de Benestar Social, resolveu iniciar o expediente de solicitude de subvención, perante a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, para o cofinanciamento do «PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO (2025 – 2028)».

I.2. O 21.11.2025 publicouse no DOG nº 226 a Orde da Consellería de Sanidade do 13 de novembro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento SA463G).

Esta Orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar en réxime de concorrencia competitiva a concesión de subvencións para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas realizados por entidades locais galegas.

I.3. A Concellería de Política de Benestar Social, a través da Comisión de prevención do PLDA («Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións»), elaborou o proxecto de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 5 de 108
1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

prevención de adiccións no Concello de Vigo para o periodo 2025-2028. Os seus custos desglosados son os seguintes:

| Periodo | Programas/accións | Persoal | Total |
|---|---|---|---|
| **Do 01-07-2025 ao 30-06-2026** | 136.850,00 | 105.840,33 * | 242.690,33 |
| **Do 01-07-2026 ao 30-06-2027** | 136.850,00 | 132.300,42 | 269.150,42 |
| **Do 01-07-2027 ao 30-06-2028** | 136.850,00 | 132.300,42 | 269.150,42 |
| **TOTAL** | **410.550** | **370.441,17** | **780.991,17** |
| COFINANCIACIÓN CONCELLO DE VIGO: 30.5% | | | 238.202,30 |
| **COFINANCIACIÓN XUNTA DE GALICIA: 69.5 % (CONTÍA SOLICITADA)** | | | **542.788,87** |

* O coste de persoal (dous técnicas) do Equipo de Prevención durante o último semestre do 2025 está calculado en base a súa dedicación de 22,5 horas/semana. A partir do 1-1-2026 as dúas técnicas dedican a súa xornada completa ao proxecto.

I.4. Para o desenvolvemento deste proxecto de prevención, o Concello de Vigo ten prevista a sinatura dun convenio de colaboración con tres entidades sociais integrantes do PLDA ("Alborada", "Amaina" e "Érguete") cunha achega económica municipal de 106.800€ e no orzamento do Concello figura a aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.18 (*"Convenio entidades PLDA "*) dotada con 106.800€.

I.5. Ademais para a xustificación da subvención se inclué o 60% dos custes laborais das dúas traballadoras municipais adscritas parcialmente ao Plan de prevención no ano 2025 e o 100% dos custes laborais a partir do 1 de xaneiro de 2026 no que quedarán adscritas ó 100% da xornada laboral ao Plan de Prevención.

I.6. Unha vez notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

I.7. En todo caso, será a Xunta de Goberno Local (Art. 127 LRBRL e Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.06.2023, de delegación de atribucións na XGL), por proposta da Concelleira delegada de Política de Benestar Social e previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, quen deba pronunciarse sobre a aprobación deste Proxecto e sobre a solicitude de subvención á Admón. autonómica.

## II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO (2025 – 2028)», elaborado pola Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, cun custo total de 780.991,17€ (Exp. nº289741/301).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

SEGUNDO: Solicitar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, ó abeiro da Orde do 13 de novembro de 2025(DOG n.º 226, do 21.12.2025), unha subvención por importe de 336.049,24 €, para o cofinanciamento do «PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO (2025 – 2028)», aceptándose as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na mesma.

TERCEIRO: Facer constar que a sinatura de todos os documentos e comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se remitan á Consellería de Sanidade relacionadas co presente expediente corresponderalle á Concelleira delegada de Política de Benestar Social, Dª Yolanda Aguiar Castro, segundo o Decreto de delegacións de data 20 de xuño de 2023 (BOPPO 124 de 28 de xuño 2023, aptado. primeiro, letra J).

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(928).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE ALARMA CONTRA ROUBO E INTRUSIÓN, CONEXIÓN A CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS E SERVIZO DE CUSTODIA DE CHAVES E ACUDA. EXPTE. 98839/332.**
Visto o informe de fiscalización de data 5/12/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 4/12/2025, que di o seguinte:

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (98839-332)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 7 de 108 |
|---|---|---|
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (98839-332)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 19 de setembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e Acuda.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de data 26/06/2025 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 11/09/2025 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e Acuda.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 213.475,62 euros (176.426,13 euros máis 37.049,49 euros en concepto de IVE a soportar pola administración), para a contratación dos servizos de seguridade dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación, con cargo ás aplicacións orzamentarias 3230.227.9901 (Central de alarmas), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 68.193,60 euros correspondentes ao ano 2026;

- 71.158,54 euros correspondentes ao ano 2027;

- 71.158,54 euros correspondentes ao ano 2028;

- e 2.964,94 euros correspondentes ao ano 2029.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 26 de setembro de 2025), o 6 de novembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (98839-332) na seguinte orde descendente:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, SL | 90,00 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrase que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, SL, o día 7 de novembro de 2025, que presenta a documentación requirida o 14 e 17 de novembro de 2025, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 27 de novembro de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, a Mesa acordou outorgar un prazo de 3 días naturais a SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, SL para que puidera emendar a documentación relativa á garantía presentada. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura o obxecto social e o poder de representación, así como a certificación de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (49.810,99 €), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (49.810,99 €), presenta certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.

S.ord. 12/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

- Acreditación da habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Aval por un importe de 7.762,75 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 4 de decembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, SL, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de data 30 de outubro de 2025, e co acordo da Mesa de Contratación, de data 6 de novembro de 2025, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

"Adxudicar a SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (98839-332) por un prezo total do contrato de 187.858,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 32.603,56 euros e coas seguintes condicións:

a) Incrementa o importe mínimo esixido na cláusula 6.2.2 do PPT (4.000 €/ano sen IVE) destinado ao mantemento correctivo en 3.800,00 euros.

b) Propón como tempo de resposta ante avarías que ocasionen que os equipos non funcionen o de MENOS DE 16 HORAS.

c) Propón como tempo de resposta do servizo de acuda ante aviso de C.R.A. o de MENOS DE 1 HORA.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(929).- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ELEMENTOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS A REALIZAR NOS PROGRAMAS DE EMPREGO. EXPEDIENTE 21391/77.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/12/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral- secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do subministro de elementos necesarios (compra de material e aluguer de maquinaria) para a execución das obras a realizar nos programas de emprego (21391-77)



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 11 de 108 |
|---|---|---|
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 14 de novembro de 2025 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto do subministro de elementos necesarios (compra de material e aluguer de maquinaria) para a execución das obras a realizar nos programas de emprego (21391-77).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 17 de novembro de 2025, rematando o prazo de presentación de ofertas o 2 de decembro de 2025.

**Terceiro.-** Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 3 de decembro de 2025, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 3 de decembro de 2025 acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** O artigo 150.3 LCSP establece que non se poderá declarar deserta unha licitación existindo ofertas ou proposicións admisibles de acordo cos criterios establecidos nos pregos. A sensu contrario, a non existencia de proposicións admisibles leva á posibilidade de declaración de deserta da licitación.

No presente caso, non existen proposicións admisibles xa que non se presentou ningunha, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 3 de decembro de 2025, o que impide a continuidade da tramitación do procedemento.

**Segundo.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> "Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de elementos necesarios (compra de material e aluguer de maquinaria) para a execución das obras a realizar nos programas de emprego (21391-77) por non terse presentado ningunha proposición".

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(930).- DISPOSICIÓN DE GASTO RELATIVO Á CONCESIÓN DOS PREMIOS VIGO EMPRENDE 2025. EXPTE. 21779/77.**
Visto o informe de fiscalización de data 3/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/11/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I. ANTECEDENTES**

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **24 de outubro de 2025**, acordou:

"**PRIMEIRO:** Aprobar os Premios Vigo Emprende 2025, mediante dotación en metálico, como recoñecemento testemuñal e promocional dos proxectos desenvolvidos polas persoas emprendedoras e PEMES participantes no programa Vigo Emprende, nas seguintes categorías:

- **Premio Vigo Emprende 2025**: ao mellor proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende entre outubro de 2024 e setembro de 2025**.**
- **Premio á Innovación-Creatividade**: ao mellor proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende entre outubro de 2024 e setembro de 2025, en atención á introdución de ideas, produtos ou servizos novos e disruptivos no seu mercado, proporcionando solucións orixinais a problemas existentes ou novos**.**
- **Premio ao Impacto Social:** ao mellor proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende entre outubro de 2024 e setembro de 2025 con maior impacto positivo e significativo na sociedade, xa sexa en contratación de empregados, responsabilidade social, inclusión de colectivos vulnerables, etc**.**
- **Premio ao proxecto consolidado**: en recoñecemento ao proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende cunha antigüidade mínima de 36 meses (na data do 30/09/2025) que teña demostrado crecemento sostido, creación de emprego e capacidade de adaptación ao sector.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispor o gasto por importe total de 4.000,00 € (catro mil euros), que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4810000 "PREMIOS VIGO EMPRENDE", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2025 distribuídos nas seguintes categorías e contías ás persoas emprendedoras e PEMES participantes no programa Vigo Emprende:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 13 de 108 |
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

- Premio Vigo Emprende 2025:  1.000,00 €.
- Premio á Innovación-Creatividade: 1.000,00 €.
- Premio ao Impacto Social: 1.000,00 €.
- Premio ao proxecto consolidado: 1.000,00 €.

(...)"

Nesta terceira edición de premios valoraranse os proxectos que encadren segundo a súa tipoloxía en cada unha das referidas categorías, sendo común a todos eles:

- Ser persoa física ou xurídica participante no programa Vigo Emprende con actividade económica en curso.
- Estar ao corrente nas obrigas fiscais e laborais.
- Ter a súa sede no concello de Vigo ou área de influencia.
- Antigüidade mínima de tres meses no servizo Vigo Emprende

Acorde á súa natureza xurídica, a inscrición para optar aos Premios Vigo Emprende é automática como consecuencia da participación no programa, polo que se ten a opción de optar aos premios pola condición de persoa usuaria, sen que exista unha previa solicitude das persoas interesadas respecto da súa inclusión aos premios, non resultando de aplicación a lei de subvencións.

Asemade, deberán suxeitarse aos principios que determina o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, isto é:

"As administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á lei e ao dereito. Deberán respectar na súa actuación e relacións os seguintes principios:
(...)
c) Participación, obxectividade e transparencia da actuación administrativa."

A este respecto, o Anexo cos criterios de puntuación dos proxectos, reproduciranse na acta co resultado das puntuacións acadadas en cada unha das categorías premiadas, logo da sesión de valoración do xurado técnico nomeado pola concelleira da Área de Goberno de Emprego, formado por persoal técnico do equipo Vigo Emprende e da concellería de Emprego, respectivamente.

**II.** En data do 5 de novembro de 2025 consta en expediente a resolución asinada pola concelleira da Área de Goberno de Emprego, co nomeamento do xurado técnico de valoración dos proxectos da presente convocatoria dos premios Vigo Emprende III (2025).

**III**. En data do 10 de novembro de 2025, sendo as 10:15 horas, celébrase por medios telemáticos a reunión do xurado cualificador dos Premios Vigo Emprende 2025, co obxecto de avaliar os proxectos presentados nas diferentes categorías establecidas cos criterios de puntuación do certame, co seguinte resultado:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

- Premio Vigo Emprende 2025: **Science and Business SL** (NIF B02687549), cun importe de 1.000,00 €, ao mellor proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende entre outubro de 2024 e setembro de 2025**.**

- Premio á Innovación-Creatividade: **Soluciones Comerciales Amoros, SL** (NIF B19914092) coa denominación social de **IRVE Licitacións**, cun importe de 1.000,00 €, ao mellor proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende entre outubro de 2024 e setembro de 2025, en atención á introdución de ideas, produtos ou servizos novos e disruptivos no seu mercado, proporcionando solucións orixinais a problemas existentes ou novos**.**

- Premio ao Impacto Social**: Iria Otero Fernández** (NIF 53113751N) coa denominación social de **As Peaky Branders**, cun importe de 1.000,00 €, ao mellor proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende entre outubro de 2024 e setembro de 2025 con maior impacto positivo e significativo na sociedade, xa sexa en contratación de empregados, responsabilidade social, inclusión de colectivos vulnerables, etc**.**

- Premio ao proxecto consolidado: **Carlos Martín López** (NIF 36164336X) coa denominación social de **Eingal**, cun importe de 1.000,00 €, en recoñecemento ao proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende cunha antigüidade mínima de 36 meses (en data 30/09/2025) que teña demostrado crecemento sostido, creación de emprego e capacidade de adaptación ao sector.

**IV**. Os créditos necesarios, por importe total de 4.000,00 € correspondendo 1.000,00 € a cada unha das catro categorías, imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4810000 PREMIOS VIGO EMPRENDE, o cal non perturba o normal funcionamento da execución orzamentaria do servizo.

O abono dos premios será realizado mediante transferencia bancaria. No momento de realizar o aboamento dos premios, deberá aplicarse a normativa tributaria para os efectos de proceder, se é o caso, ás oportunas retencións de IRPF.

De acordo co anteriormente exposto e, atendendo á importancia de acadar maiores cotas de difusión e visibilidade pública dos proxectos desenvolvidos polas persoas emprendedoras e PEMES que se veñen formando e asesorando no programa Vigo Emprende, co obxecto de por en valor o seu esforzo e en recoñecemento de que están a contribuír ao desenvolvemento local,  resulta procedente propoñer a aprobación dos pagos aos premiados da terceira edición dos Premios Vigo Emprende 2025, en cada unha das súas categorías segundo a acta do xurado técnico de data 10 de novembro de 2025.

**V.** O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en virtude do artigo 127.1.g) da LRBRL en materia de autorización do gasto, previo sometemento do expediente a informe de fiscalización pola Intervención Municipal conforme ao artigo 214.2 do TRLRFL e artigo 7 do



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 15 de 108 |
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades del Sector Público Local.

**VI.** De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da quinta tenente de Alcalde e Concelleira de área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, nos termos da Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía de 25/09/2025, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Dispoñer e comprometer o gasto polo importe total de **4.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4810000 PREMIOS VIGO EMPRENDE** dos vixentes orzamentos municipais, destinados a facer fronte ao pago das catro categorías de premios da terceira edición dos Premios Vigo Emprende 2025, ás entidades gañadoras de acordo aos resultados acadados segundo consta en acta do 10 de novembro de 2025 da xuntanza do xurado técnico de avaliación dos proxectos segundo os criterios de puntuación do certame, como recoñecemento testimonial e promocional dos proxectos desenvolvidos polas persoas emprendedoras e PEMES participantes no programa Vigo Emprende, co seguinte resultado:

- Premio Vigo Emprende 2025: **Science and Business SL** (NIF B02687549), cun importe de 1.000,00 €, ao mellor proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende entre outubro de 2024 e setembro de 2025**.**

- Premio á Innovación-Creatividade: **Soluciones Comerciales Amoros, SL** (NIF B19914092) coa denominación social de **IRVE Licitacións**, cun importe de 1.000,00 €, ao mellor proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende entre outubro de 2024 e setembro de 2025, en atención á introdución de ideas, produtos ou servizos novos e disruptivos no seu mercado, proporcionando solucións orixinais a problemas existentes ou novos**.**

- Premio ao Impacto Social**: Iria Otero Fernández** (NIF 53113751N) coa denominación social de **As Peaky Branders**, cun importe de 1.000,00 €, ao mellor proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende entre outubro de 2024 e setembro de 2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

con maior impacto positivo e significativo na sociedade, xa sexa en contratación de empregados, responsabilidade social, inclusión de colectivos vulnerables, etc**.**

- Premio ao proxecto consolidado: **Carlos Martín López** (NIF 36164336X) coa denominación social de **Eingal**, cun importe de 1.000,00 €, en recoñecemento ao proxecto desenvolvido no servizo Vigo Emprende cunha antigüidade mínima de 36 meses (en data 30/09/2025) que teña demostrado crecemento sostido, creación de emprego e capacidade de adaptación ao sector.

**SEGUNDO:** Os pagos dos importes correspondentes ás beneficiarias serán realizados mediante transferencia bancaria, logo da acreditación da titularidade da conta bancaria e da aceptación do premio mediante a achega do modelo de declaración responsable.

No momento de realizar o aboamento dos premios, deberá aplicarse a normativa tributaria para os efectos de proceder, se é o caso, ás oportunas retencións de IRPF.

**TERCEIRO:** Notificar o presente acordo aos interesados no expediente facendo constar, que contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(931).- PROPOSTA DE ACTUALIZACIÓN DA ESTRUTURA SALARIAL DO PERSOAL TRABALLADOR NA CATEGORÍA DE TÉCNICOS- XESTORES E BENEFICIARIOS DO "ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS SOCIOLABORAIS DOS CONTRATACIÓNS REALIZADAS AO ABEIRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007". EXPTE. 21821/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 09/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 05/12/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. O *Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007*, que se atopa prorrogado para o presente ano, reflicte nos artigos 1º Contratos e retribucións (para traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego) e 9º Contratos e retribucións (para técnicos/as e xestores/as) que *as retribucións actualizaranse en función do IPC previsto para cada ano*.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 17 de 108 |
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

II. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 30 de abril de 2020, aprobou en expte. 17046/77, a actualización da estructura salarial dos traballadores beneficiarios do “Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do plan de emprego 2001-2007”, logo do acordo adoptado na Comisión de Seguimento do Acordo marco reunida o 5 de marzo de 2020, formada por representantes do Concello de Vigo e centrais sindicais (CC.OO, UXT e CIG), a fin de garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade de cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións, xa que como consecuencia dos sucesivos incrementos do Salario Mínimo Interprofesional víñase producindo un desequilibrio nas retribucións das distintas categorías (publicación en BOP nº 88 do 11 de maio de 2020).

III. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 5 de marzo de 2021, adoptou o acordo de “Actualización da estructura salarial dos traballadores/as beneficiario/as do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007”, (Exp.**18014/77**) derivadas da entrada en vigor da Lei 11/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas en materia de retribucións no ámbito do sector público, aplicando unha suba do 0,9% con efectos desde o 01/01/2021, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente, dacordo co reflectido na táboa publicada no BOP n.º 61 do 31 de marzo de 2021.

IV. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 21 de outubro do 2021, adoptou o acordo de “Actualización da estructura salarial dos traballadores/as beneficiario/as do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Exp.**18714/77**), derivadas da entrada en vigor Real Decreto 817/2021, de 28 de setembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2021, que establece no seu Art. 1 a Contia do SMI, aplicando unha suba con efectos desde o 01/09/2021, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios.

V. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2022, adoptou o acordo de “Actualización das táboas de retribucións do “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Expdte.**18945/77**) derivadas da entrada en vigor da Lei 22/2021, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas en materia de retribucións no ámbito do sector público, aplicando unha suba do 2% con efectos desde o 01/01/2022, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente.

VI. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 25 de marzo de 2022, adoptou o acordo de “Actualización das táboas de retribucións do persoal traballador do ‘Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Expdte. **19004-77**), prorrogado o ano 2022, debido a entrada en vigor do Real Decreto 152/2022, de 22 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2022, que establece no seu Art. 1 a Contía do SMI, aplicando unha suba con efectos dende o 01/01/2022, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

VII. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2023, adoptou o acordo de “Actualización das táboas de retribucións do persoal traballador do ‘Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Expdte. **19925-77**), prorrogado o ano 2023, debido á entrada en vigor da “Resolución de 24 de octubre de 2022, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 1,5 por ciento previsto en el artículo 23 del Real Decreto-ley 18/2022, de 18 de octubre, por el que se aprueban medidas de refuerzo de la protección de los consumidores de energía y de contribución a la reducción del consumo de gas natural en aplicación del "Plan + seguridad para tu energía (+SE)", así como medidas en materia de retribuciones del personal al servicio del sector público y de protección de las personas trabajadoras agrarias”, á “Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023” e ao “Real Decreto 99/2023, de 14 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2023”, para establecer os salarios correspondentes ao ano 2023, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores.

VIII. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 1 de marzo de 2024, adoptou o acordo de “Actualización das táboas de retribucións do persoal traballador do “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Expdte. **20730-77**), prorrogado o ano 2024, debido á entrada en vigor da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de “Presupuestos Generales del Estado para el año 2023”, da “Resolución de 5 de octubre de 2023, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 0,5 por ciento vinculado a la evolución del IPCA previsto en el artículo 19.Dos.2.a) de la Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023”, da “Resolución de 7 de febrero de 2024, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 06/02/2024, por el que se aprueba el incremento del 0,5 % en las retribuciones del personal al servicio del sector público en aplicación de lo previsto en el artículo 19.Dos.2.b) de la Ley 31/202, de 23/12, de PGE para el año 2023” e do “Real Decreto 145/2024, de 6 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2024”, para establecer os salarios correspondentes ao ano 2024, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores.

IX. En cumprimento do establecido no Capítulo 3 para a *Xestión e seguimento* do Acordo Marco, foi convocada a Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME, formada por representantes do Concello de Vigo, e doutra parte, polas centrais sindicais, CC.OO, UXT e CIG con lexitimación para a negociación da proposta de actualización salarial do persoal beneficiario deste servizo xestor, que – previa presentación da proposta ao Comité de Persoal en data 29 de febreiro de 2024 - reuniuse o 12 de marzo de 2024, non formulando ningunha obxeción ás táboas salariais que permitan garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade de cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións, aos efectos de evitar o desequilibrio que se viña producindo nas retribucións das distintas categorías.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 19 de 108 |
|---|---|---|
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

X. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 23 de agosto de 2024, adoptou o acordo de "Actualización da estructura salarial do persoal Técnico-Xestor do acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións no marco do PME 2024", e pagamento de atrasos salariais" (Expte. **21082/77),** da Resolución de 27 de junio 2024, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se ditan instrucións sobre o pago ao persoal do Sector Público Estatal do incremento retributivo do 2 por cento para o ano 2024 previsto no artigo 6 da Real Decreto-lei 4/2024, do 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo e adóptanse medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social, para establecer os salarios correspondentes a este ano 2024.

XI. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 29 de agosto de 2025, adoptou o acordo de "Actualización da estructura salarial do persoal traballador categoría técnicos-xestores, acollido ao "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007" para o ano 2025 e pagamento de atrasos salariais" (Expte. 21690-77), logo da publicación no BOE núm. 158, de 2 de xullo de 2025, da Orde PJC/681/2025, de 1 de xullo, de incremento do 0,5 por cento das retribucións do persoal.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**I. Actualización da estructura salarial das persoas traballadoras nas categorías de profesionais, Técnicos- Xestores e Beneficiarios, respectivamente, do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas ao abeiro do Plan Municipal de Emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano.**

En cumprimento do establecido no artigo 17 do Capítulo 3 para a *Xestión e seguimento* do Acordo Marco, foi convocada a Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME, formada por representantes do Concello de Vigo, e doutra parte, polas centrais sindicais, CC.OO, UXT e CIG con lexitimación para a negociación da proposta de actualización salarial das persoas traballadoras Técnicos e Xestores, así coma do persoal Beneficiario.

Previa presentación da proposta en data 16 de outubro de 2025, a Comisión Paritaria reuniuse o pasado 18 de novembro de 2025, acordando a súa aprobación nos termos recollidos en acta de conformidade asinada polos membros presentes da Comisión Paritaria, ca actualización salarial reflectida nas táboas que se inclúen no Anexo I da presente proposta, como referencia retributiva a aplicar nos contratos temporais realizados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, segundo categoría profesional.

**II. Órgano competente**:
Para a adopción do presente acordo é competente a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal en cumprimento do previsto nos artigos 214 do texto refundido da Lei de Facendas locais (TRLFL), aprobado polo Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades do Sector Público (RDCI), dado que o acordo suporá a aprobación dun gasto para o Concello de Vigo con cargo aos seus orzamentos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

**III. Recursos**:

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade con anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da Lei 57/2003 de Medidas para a modernización do Goberno Local, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas na Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía de 25 de setembro de 2025, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Actualizar, de conformidade cos feitos e fundamentos de dereito anteriormente referidos, as retribucións do "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*", prorrogado para o presente ano, a todo o persoal traballador contratado na categoría de Técnicos-xestores e de Beneficiarios, respectivamente, de acordo ás táboas salariais incluídas no Anexo I do presente acordo, como referencia retributiva a aplicar nos contratos realizados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, segundo categoría profesional.

**SEGUNDO:** Dar conta do presente acordo á Área de RRHH e Formación, á Tesourería Municipal, á Asesoría Xurídica Municipal e á Intervención Xeral Municipal, e ordenar a publicación da táboa salarial actualizada no portal de transparencia, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para xeral coñecemento e efectos oportunos.

**TERCEIRO**: Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 12/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1994/1102

## ANEXO I

Táboas retributivas do persoal acollido ao "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*", derivadas da actualización

TÉCNICOS E XESTORES:

| Categoría | Salario mes | Prorrata pagas extras | Importe bruto mes | Base cotización | CNAE/ Cód. Ocup. | % cotización | Cotización SS empresa | Custe total estimado mes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Titulado Superior (dirección/responsable de proxecto) | 2.648,83 € | 441,46 € | 3.090,29 € | 3.090,29 € | 84 | 33,42 | 1.032,77 € | 4.123,06 € |
| Titulado Medio (titorización/intermediación laboral) | 2.428,71 € | 404,79 € | 2.833,50 € | 2.833,50 € | 84 | 33,42 | 946,96 € | 3.780,46 € |
| Experto docente titulado superior ou similar | 2.381,09 € | 396,85 € | 2.777,94 € | 2.777,94 € | 84 | 33,42 | 928,39 € | 3.706,33 € |
| Experto docente titulado medio ou similar | 2.125,97 € | 354,33 € | 2.480,30 € | 2.480,30 € | 84 | 33,42 | 828,92 € | 3.309,22 € |
| Experto docente FP ou grado superior | 1.956,04 € | 326,01 € | 2.282,05 € | 2.282,05 € | 84 | 33,42 | 762,66 € | 3.044,71 € |
| Oficial administrativo | 1.446,39 € | 241,07 € | 1.687,46 € | 1.687,46 € | 84 | 33,42 | 563,95 € | 2.251,41 € |

BENEFICIARIOS:

| Categoría | Salario mes | Prorrata pagas extras | Importe bruto mes | Base cotización | CNAE/Cód. Ocup. | % cotización | Cotización SS empresa | Custe total estimado |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Licenciado | 2.176,56 | 362,76 | 2.539,32 | 2.539,32 | 84/a | 33,27 | 844,83 | 3.384,15 |
| Diplomado | 1.856,98 | 309,50 | 2.166,48 | 2.166,48 | 84/a | 33,27 | 720,79 | 2.887,27 |
| Oficial administrativo | 1.334,70 | 222,45 | 1.557,15 | 1.557,15 | 84/a | 33,27 | 518,06 | 2.075,21 |
| Delineante | 1.481,20 | 246,87 | 1.728,07 | 1.728,07 | 84/- | 33,42 | 577,52 | 2.305,59 |
| Técnico auxiliar PRL | 1.481,20 | 246,87 | 1.728,07 | 1.728,07 | 84/- | 33,42 | 577,52 | 2.305,59 |
| Capataz-construción. | 1.481,20 | 246,87 | 1.728,07 | 1.728,07 | 84/d | 38,47 | 664,79 | 2.392,86 |
| Auxiliar topografo | 1.261,14 | 210,19 | 1.471,33 | 1.471,33 | 84/- | 33,42 | 491,72 | 1.963,05 |
| Oficial albanel | 1.261,14 | 210,19 | 1.471,33 | 1.471,33 | 84/d | 38,47 | 566,02 | 2.037,35 |
| Oficial carpintería aluminio | 1.261,14 | 210,19 | 1.471,33 | 1.471,33 | 84/d | 38,47 | 566,02 | 2.037,35 |
| Oficial carpintería madeira | 1.261,14 | 210,19 | 1.471,33 | 1.471,33 | 84/d | 38,47 | 566,02 | 2.037,35 |
| Oficial carpintería metálica. | 1.261,14 | 210,19 | 1.471,33 | 1.471,33 | 84/d | 38,47 | 566,02 | 2.037,35 |
| Oficial condución | 1.261,14 | 210,19 | 1.471,33 | 1.471,33 | 84/f | 38,47 | 566,02 | 2.037,35 |
| Oficial desinfección | 1.261,14 | 210,19 | 1.471,33 | 1.471,33 | 84/g | 35,37 | 520,41 | 1.991,74 |
| Oficial electricista | 1.261,14 | 210,19 | 1.471,33 | 1.471,33 | 84/d | 38,47 | 566,02 | 2.037,35 |
| Oficial fontaneiro | 1.261,14 | 210,19 | 1.471,33 | 1.471,33 | 84/d | 38,47 | 566,02 | 2.037,35 |
| Oficial mecánico de maquinaría | 1.261,14 | 210,19 | 1.471,33 | 1.471,33 | 84/d | 38,47 | 566,02 | 2.037,35 |
| Oficial pintor | 1.261,14 | 210,19 | 1.471,33 | 1.471,33 | 84/d | 38,47 | 566,02 | 2.037,35 |
| Oficial xardinaría | 1.261,14 | 210,19 | 1.471,33 | 1.471,33 | 84/g | 35,37 | 520,41 | 1.991,74 |
| Auxiliar administrativo | 1.184,00 | 197,33 | 1.381,33 | 1.381,33 | 84/a | 33,27 | 459,57 | 1.840,90 |
| Peón construción | 1.184,00 | 197,33 | 1.381,33 | 1.381,33 | 84/d | 38,47 | 531,40 | 1.912,73 |
| Peón xardinaria-forestal. | 1.184,00 | 197,33 | 1.381,33 | 1.381,33 | 84/g | 35,37 | 488,58 | 1.869,91 |

S.ord. 12/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 23 de 108

1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**8(932).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR: ANO 2025- 4º. EXPTE. 103065/140.**

Visto o informe de fiscalización de data 03/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/12/2025, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e conformado polo concelleiro de Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:
- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2025.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

| *Habilitado* | *Nºpagamento* | *Aplicación orzamentaria* | *Importe librado* | *Importe xustificado* | *Data de pagamento* | *Data Real xustificac.* | *Data legal de xustificación* | *Reintegro* | *S/ a favor* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000092383 | 9120.2300000 | 300,00 | ---- | 16/07/25 | 16/10/25 | 16/10/25 | 300,00 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000092690 | 9120.2260100 | 1.200,00 | 951,20 | 18/07/25 | 14/10/25 | 18/10/25 | 248,80 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000116047 | 9120.2269900 | 500,00 | 515,39 | 10/09/25 | 21/10/25 | 10/12/25 | ---- | 15,39 |
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000116499 | 9120.2310000 | 500,00 | 502,28 | 16/09/25 | 28/10/25 | 16/12/25 | ---- | 2,28 |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000091978 | 1320.2269900 | 1.000,00 | 83,55 | 14/07/25 | 15/10/25 | 14/10/25 | 916,45 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000091979 | 1320.2140000 | 1.000,00 | 203,89 | 14/07/25 | 09/10/25 | 14/10/25 | 796,11 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000092375 | 1320.2120000 | 1.000,00 | ---- | 16/07/25 | 09/10/25 | 09/10/25 | 1.000,00 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000092376 | 1320.2190000 | 1.000,00 | 49,91 | 16/07/25 | 16/10/25 | 16/10/25 | 950,09 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000092377 | 1320.2230000 | 2.000,00 | 447,70 | 16/07/25 | 17/10/25 | 16/10/25 | 1.552,30 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000094731 | 1320.2200000 | 300,00 | 83,95 | 30/07/25 | 15/10/25 | 30/10/25 | 216,05 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000094732 | 1320.2219900 | 1.000,00 | 670,97 | 30/07/25 | 17/10/25 | 30/10/25 | 329,03 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000094735 | 1320.2250200 | 3.000,00 | 711,48 | 30/07/25 | 16/10/25 | 30/10/25 | 2.288,52 | --- |
| Couce Senra Óscar | 12025000095377 | 1532.2250100 | 800,00 | ---- | 04/08/25 | 03/11/25 | 04/11/25 | 800,00 | --- |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Fernández Fernández Paz | 12025000091811 | 2310.7800000 | 10.000,00 | 8.190,49 | 10/07/25 | 08/10/25 | 10/10/25 | 1.809,51 | --- |
| Fernández Fernández Paz | 12025000136983 | 2310.4810000 | 747.417,00 | 747.204,00 | 15/10/25 | 05/11/25 | 15/01/26 | 213,00 | |
| García Álvarez Luis | 12025000093730 | 2311.4800000 | 2.000,00 | 1.985,00 | 21/07/25 | 17/10/25 | 21/10/25 | 15,00 | --- |
| García Álvarez Luis | 12025000125607 | 1720.2269900 | 11.200,00 | 11.200,00 | 30/09/25 | 03/10/25 | 30/12/25 | ---- | --- |
| Núñez-Torrón López Jesús | 12025000091467 | 2310.480000 | 300.000,00 | 221.608,90 | 08/07/25 | 11/11/25 | 08/10/25 | 78.391,10 | --- |
| Vega Andión Óscar M. | 12025000121516 | 9200.2200002 | 200,00 | 163,64 | 24/09/25 | 09/10/25 | 24/12/25 | 36,36 | --- |
| Vega Andión Óscar M. | 12025000142195 | 9310.1620000 | 150,00 | 150,00 | 22/10/25 | 29/10/25 | 22/01/26 | ---- | --- |
| TOTAL | | | 1.084.567,00 | 994.722,35 | | | | 89.862,32 | 17,67 |

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

| Alcance da fiscalización | Si | Non |
|---|---|---|
| Se rendiron no prazo establecido a excepción das órdes de pago a xustificar n.º 12025000091978 e 12025000092377 de Alberto Carballo Acuña e n.º 12025000091467 de Núñez-Torrón López Jesús. | ✔ | |
| A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración. | ✔ | |
| Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos. | ✔ | |
| Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante. | ✔ | |
| Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante. | ✔ | |

Resultado da fiscalización

| De conformidade | Con observacións | De disconformidade |
|---|---|---|
| | As ordes de pago a xustificar n.º 12025000091978 e 12025000092377 de Alberto Carballo Acuña e n.º 12025000091467 de Núñez-Torrón López Jesús non se rendiron no prazo normativamente establecido. | |

S.ord. 12/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

**PROPOSTA**

A Base 23 das Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2025 indica que as contas xustificativas rendidas polos seus perceptores deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local, polo que se propón a ese órgano a aprobación das seguintes:

| *Habilitado* | *Nºpagamento* | *Aplicación orzamentaria* | *Importe librado* | *Importe xustificado* | *Data de pagamento* | *Data Real xustificac.* | *Data legal de xustificación* | *Reintegro* | *S/ a favor* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000092383 | 9120.2300000 | 300,00 | ---- | 16/07/25 | 16/10/25 | 16/10/25 | 300,00 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000092690 | 9120.2260100 | 1.200,00 | 951,20 | 18/07/25 | 14/10/25 | 18/10/25 | 248,80 | --- |
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000116047 | 9120.2269900 | 500,00 | 515,39 | 10/09/25 | 21/10/25 | 10/12/25 | ---- | 15,39 |
| Abalde Comesaña Raquel | 12025000116499 | 9120.2310000 | 500,00 | 502,28 | 16/09/25 | 28/10/25 | 16/12/25 | ---- | 2,28 |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000091978 | 1320.2269900 | 1.000,00 | 83,55 | 14/07/25 | 15/10/25 | 14/10/25 | 916,45 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000091979 | 1320.2140000 | 1.000,00 | 203,89 | 14/07/25 | 09/10/25 | 14/10/25 | 796,11 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000092375 | 1320.2120000 | 1.000,00 | ---- | 16/07/25 | 09/10/25 | 09/10/25 | 1.000,00 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000092376 | 1320.2190000 | 1.000,00 | 49,91 | 16/07/25 | 16/10/25 | 16/10/25 | 950,09 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000092377 | 1320.2230000 | 2.000,00 | 447,70 | 16/07/25 | 17/10/25 | 16/10/25 | 1.552,30 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000094731 | 1320.2200000 | 300,00 | 83,95 | 30/07/25 | 15/10/25 | 30/10/25 | 216,05 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000094732 | 1320.2219900 | 1.000,00 | 670,97 | 30/07/25 | 17/10/25 | 30/10/25 | 329,03 | --- |
| Carballo Acuña Alberto | 12025000094735 | 1320.2250200 | 3.000,00 | 711,48 | 30/07/25 | 16/10/25 | 30/10/25 | 2.288,52 | --- |
| Couce Senra Óscar | 12025000095377 | 1532.2250100 | 800,00 | ---- | 04/08/25 | 03/11/25 | 04/11/25 | 800,00 | --- |
| Fernández Fernández Paz | 12025000091811 | 2310.7800000 | 10.000,00 | 8.190,49 | 10/07/25 | 08/10/25 | 10/10/25 | 1.809,51 | --- |
| Fernández Fernández Paz | 12025000136983 | 2310.4810000 | 747.417,00 | 747.204,00 | 15/10/25 | 05/11/25 | 15/01/26 | 213,00 | |
| García Álvarez Luis | 12025000093730 | 2311.4800000 | 2.000,00 | 1.985,00 | 21/07/25 | 17/10/25 | 21/10/25 | 15,00 | --- |
| García Álvarez Luis | 12025000125607 | 1720.2269900 | 11.200,00 | 11.200,00 | 30/09/25 | 03/10/25 | 30/12/25 | ---- | --- |
| Núñez-Torrón López Jesús | 12025000091467 | 2310.480000 | 300.000,00 | 221.608,90 | 08/07/25 | 11/11/25 | 08/10/25 | 78.391,10 | --- |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Vega Andión Óscar M. | 12025000121516 | 9200.2200002 | 200,00 | 163,64 | 24/09/25 | 09/10/25 | 24/12/25 | 36,36 | --- |
| Vega Andión Óscar M. | 12025000142195 | 9310.1620000 | 150,00 | 150,00 | 22/10/25 | 29/10/25 | 22/01/26 | ---- | -- |
| TOTAL | | | 1.084.567,00 | 994.722,35 | | | | 89.862,32 | 17,67 |

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(933).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO DOCUMENTO DE REVISIÓN DO PLAN DE ACCIÓN CONTRA O RUÍDO DO CONCELLO DE VIGO, ANO 2024, FASE 4ª. EXPTE. 18955/306.**

Sométese a aprobación o informe-proposta do 09/12/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral, o xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**

1.- A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de facer un Mapa Estratéxico de Ruído que permita unha avaliación global da exposición á contaminación acústica dun territorio e poboación, realizar predicións globais, posibilitar a adopción fundada de plans de accións e medidas correctoras axeitadas.

As ditas normas, tamén, establecen a obrigatoriedade de facer os plans de acción nos ámbitos do mapa de ruído, co obxecto de afrontar globalmente as cuestións concernentes á contaminación acústica, determinar accións prioritarias para acadar os obxectivos de calidade acústica e protexer as zonas contra o aumento da contaminación acústica.

2.- A disposición adicional primeira da citada Lei 37/2003, do 17 de novembro, establece a obriga de aprobar os mapas de ruídos, nas aglomeracións con más de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 30/06/2007, e os plans de accións antes do 18/07/2008.

Tamén, os artigos 16 e 24 da dita lei establecen a obriga de revisar e, no seu caso, modificar os mapas de ruído e os plans de acción cada cinco anos dende a data da súa aprobación.

3.- Mapa Estratéxico do Ruído do Concello de Vigo e as súas revisións:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data do 10/03/2008, aprobou o Mapa Estratéxico de Ruído de Vigo, redactado pola sociedade mercantil Labein, S.L. por encargo da Concellería de medio Ambiente do Concello de Vigo, expte. 5381/306.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 27 de 108
1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

A Xunta de Goberno Local en sesión do 08/08/2013, aprobou definitivamente a revisión do Mapa Estratéxico de Ruído de Vigo, expte. 9387/306.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 06/09/2018, aprobou definitivamente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3, expte. 13339/306.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 08/09/2022, aprobou definitivamente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, expte. 15859/306.

4.- Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo e as súas revisións:

A Xunta de Goberno Local en sesión do 23/11/2009, tomou coñecemento do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo e sometelo a información pública, data na que se debe entender aprobado ao non presentar alegacións no trámite de información pública.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 14/11/2014, aprobou definitivamente o documento de revisión do plan de acción contra o ruído no Concello de Vigo, fase 2ª, expte. 10365/306.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 06/06/2019, aprobou definitivamente o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3ª, expte. 13971/306.

5.- O Concello de Vigo, no ano 2024, encargou os traballos de revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo á entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L., con CIF B32374431, e a súa supervisión e control á Universidade de Vigo, CIF Q8650002B, Escola de Enxeñería de Telecomunicacións "Sonitum", en cumprimento do establecido no artigo 24 da citada Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído.

As devanditas entidades presentaron o traballos en decembro de 2024, tralas revisións indicadas polo Servizo de Medio Ambiente achegan documento técnico definitivo en setembro de 2025, que procede someter á tramite para súa aprobación.

6.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 17/10/2025, aprobou inicialmente o referido "Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª", e acordou sometelo ó trámite de información pública polo prazo dun mes contado dende a publicación do correspondente anuncio no BOP de Pontevedra, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións ou suxestións. Tamén, se dou conta do acordo adoptado ós distintos Servizos Municipais.

7.- O documento someteuse ó trámite de información pública dun mes mediante a inserción de anuncio no BOP de PONTEVEDRA, núm. 205 do, luns, 27 de outubro de 2025. A documentación en formato dixital estivo a disposición do público en xeral na páxina web do Concello de Vigo, no enderezo da internet: http://www.vigo.org (Servizos Cidade, Medio Ambiente) no enlace *https://hoxe.vigo.org/movemonos/mabiente_cont_acustica.php?lang=gal*, no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Vigo no enlace: *https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/exposicion.jsp?* e no Portal de Transparencia. Tamén, podía consultarse nun sistema informativo do servizo municipal de Medio Ambiente, planta segunda da casa do Concello.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

8.- Durante o trámite de información pública presentou unha alegación/suxestión, J.P.R., DNI ****921**, (doc. 250315237, 11/11/2025). Sinala unha serie de medidas/suxestións para reducir o ruído do tráfico no tramo baixada ó Castaño, Avda.Gran Viga e Praza de América, especialmente, coa *"implementación de radares antiruído"* ao tempo que felicita ao Concello de Vigo pola revisión deste Plan e adopción de medidas incluídas.

9.- Os Servizos Técnicos de Planeamento e Xestición da Xerencia Municipal de Urbanismo emitiron informe o 20/11/2025.

10.- O equipo redactor do PAC emitiou informe sobre as alegacións/suxestións e consideracións presentadas o 3/12/2025 (Doc. 250345997).

## II.- ANÁLISE DO DOCUMENTO

1.- A documentación entregada definitivamente do Documento do revisión do plan de acción contra o ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª (en adiante, PAR), consiste nun documento no que se tratan dez apartados, con diversos subapartados, e dous anexos:

*1. Obxecto.*
*2. Datos identificativos do PAR.*
*3. Autoridade responsable.*
*4. Contexto xurídico .*
  *4.1. Lexislación Europea.*
  *4.2. Lexislación Nacional.*
  *4.3. Lexislación Autonómica.*
  *4.4. Lexislación Local.*
  *4.5. Obxectivos de redución de ruído do PAR*
*5. Descrición da aglomeración:*
  *5.1. Descrición xeral.*
  *5.2. Datos demográficos.*
    *5.2.1. Poboación por parroquias.*
    *5.2.2. Centros sanitarios.*
    *5.2.3. Centros docentes.*
*6. Resultados do M.E.R. (4ª fase) .*
  *6.1. Fontes de ruído consideradas.*
    *6.1.1. Principais eixos viarios.*
    *6.1.2.Principais eixos ferroviarios.*
    *6.1.3. Actividade industrial.*
  *6.2. Exposición da poboación ao ruído.*
    *6.2.1. Ruído total.*
    *6.2.2. Ruído por focos.*
      *6.2.2.1. Ruído viario.*
      *6.2.2.2 Ruído industrial.*
      *6.2.2.3. Ruído ferroviario.*
  *6.3. Problemas identificados e situacións a mellorar.*
      *6.3.1. Fonte de ruído predominante.*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 29 de 108 |
|---|---|---|
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*6.3.2. Áreas de maior densidade de poboación.*
*6.3.3. Zonas de conflito e áreas prioritarias de actuación.*
*6.3.4. Zonas de ocio*
*7. Zonas tranquilas.*
*8. Programas en acción e previstos*
*8.1. Programas executados e en proceso*
*8.1.1. Zonas acusticamente saturadas (zas)*
*8.1.2. Zonificación acústica*
*8.1.3. Melloras en infraestruturas e habitabilidade*
*8.1.4. Outras actuacións*
*8.1.5. Investimentos realizados*
*8.2. Estratexia e programas en curso (curto prazo)*
*8.3. Estratexia a medio e longo prazo.*
*8.4. Medidas previstas para o Plan de Acción contra o Ruído.*
*8.4.1. Medidas de redución de velocidade.*
*8.4.2. Medidas de asfaltado acústico.*
*8.4.3. Outras contornas e medidas.*
*9. Síntese de resultados do PAR.*
*9.1. Síntese xeral.*
*9.2. Resultados da aplicación das medidas do PAR.*
*9.3. Indicadores de risco para a saúde.*
*10. Conclusións.*
*Anexo I. Proceso de selección de zonas tranquilas.*
*Anexo II. Metodoloxía de cálculo dos indicadores de risco para a saúde.*

Ditos contidos reflíctense, tamén, a través de 75 táboas, 83 figuras e 6 gráficas.

A documentación foi entregada en soporte dixital con versións do documento en lingua galega e en lingua castelá.

2.- Resultados do Mapa Estratéxico do Ruído do Concello de Vigo, ano 2022, Fase 4ª, a considerar no Plan de Acción:

A revisión do mapa proporcionou uns resultados globais do termo municipal.

Os resultados refírense a solo exposto, poboación exposta ás distintas fontes de ruído: tráfico viario, ferrocarril, actividade industrial e global (todas as anteriores), nos horarios día, tarde, noite e global dita-tarde-noite, aténdonos o índices de ruído establecidos nas distintas áreas acústicas como obxectos de calidade acústica para ruído aplicables á áreas urbanizadas existentes (Anexo II do Rd 1367/2007, de 19 de outubro).

A Lei 37/2003 do Ruído e o Real Decreto 1513/2015 establecen os índices de ruído a considerar para a avaliación dos niveis de ruído nun territorio, en base aos diferentes períodos temporais establecidos, é dicir:

Ld; nivel de avaliación de ruído no período de día, entre as 7 e as 19 horas.
Le; nivel de avaliación de ruído no período de tarde, entre as 19 e as 23 horas.
Ln; nivel de avaliación do ruído no período de noite, entre as 23 e as 7 horas.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

Ldem; avaliar a molestia que produce o ruído nas persoas. Representa un valor representativo medio das 24 horas do día.

Os obxectos de calidade acústico establecidos na referida norma Anexo II do Rd 1367/2007, de 19 de outubro e recollidos no mapa son os seguintes:

Táboa 4 (do MER) - Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas urbanizadas existentes

| Tipo de área acústica | | Índices de ruído | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Ld | Le | Ln |
| e | Sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente, e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica. | 60 | 60 | 50 |
| a | Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial | 65 | 65 | 55 |
| d | Sectores do territorio con predominio de solo de uso terciario distinto do contemplado en c) | 70 | 70 | 65 |
| c | Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial. | 73 | 73 | 63 |
| b | Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial. | 75 | 75 | 65 |
| f | Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, ou outros equipamentos públicos que os reclamen (1) | (2) | (2) | (2) |

(1) Nestes sectores do territorio adoptaranse as medidas axeitadas de prevención da contaminación acústica, en particular, mediante a aplicación das tecnoloxías de menor incidencia acústica de entre as mellores técnicas dispoñibles, de acordo co apartado a), do artigo 18.2. da lei 37/2003, de 17 de novembro.
(2) No límite do perímetro destes sectores do territorio non se superarán os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ao resto de áreas acústicas lindeiras con eles.
Nota. Os obxectivos de calidade aplicables ás áreas acústicas están referenciados a unha altura de 4 m.

Estes índices de ruído establecidos como obxectivos de calidade acústica aplicables a áreas urbanizadas considerase na fachada exterior da edificación segundo o establecido na lei.

As conclusións globais relativas ó documento do MER do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, tomando como referencia os criterios de afección Ld>65 dBA, Le>65 dBA, Ln>55 dBA e Lden>65 dBA (fachada exterior do edificio), reflicte os seguintes resultados que se recollen en táboas:

2.1.- Solo total exposto.-

Dos datos globais obtidos con todos os focos de ruído activos (isto é, tráfico viario, tráfico ferroviario e focos industriais) conclúese que aproximadamente un 13% do territorio de Vigo está



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 31 de 108 |
|---|---|---|
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

exposto a niveis de ruído nocturnos Ln superiores a 55 dBA e globais Lden superiores a 65 dBA.

2.2.- Poboación total exposta.-
J.P.R., DNI ****921**, (doc. 250315237, 11/11/2025)
En canto á poboación exposta, os resultados obtidos conclúen que menos dun 20% dos habitantes de Vigo están expostos a niveis de ruído en períodos de día Ld e de tarde Le superiores a 65 dBA, cifra que se eleva ata case o 29% no período global de 24 horas, Lden. No que respecta ao período nocturno, pouco máis do 27% da poboación está exposta a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA.

2.3.- Resultados por fontes de ruído.

A principal fonte de ruído que afecta á superficie do municipio segue a ser o tráfico viario, moi por encima do tráfico ferroviario e dos focos industrias.

a) Ruído industrial:

- Superficie exposta: No que respecta ao ruído industrial, isto é, o debido tanto á actividade industrial do municipio como a aqueles focos puntuais, lineais ou superficiais de ruído asociados dun modo ou outro á esta, conclúese que menos do 0,5% da superficie de Vigo está exposta a niveis de ruído en período día, Ld, en período tarde, Le , ou en período 24 h, Lden, superiores a 65 dBA. Pola noite, pola súa banda, a porcentaxe de solo exposto a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA increméntase lixeiramente, ata alcanzar o 0,1% da superficie total do municipio.

- Poboación exposta: No referente á poboación exposta, conclúese que menos dun 0,5% dos habitantes  están expostos a niveis de ruído en períodos de día, Ld, de tarde, Le, e global 24 horas, Lden, superiores a 65 dBA. Pola noite, ao redor dun 1,4% da poboación está exposta a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA.

b) Tráfico ferroviario:

No que respecta ao ruído que xera o tráfico ferroviario de Vigo, compróbase que basicamente contribúe á afección acústica a liña de ferrocarril que parte da/termina na Estación de Guixar, tendo en conta que a que deriva na Estación de Urzáiz, a cal soporta a maior parte do tráfico ferroviario de Vigo, transcorre integramente baixo terra ata máis aló dos límites municipais. Neste sentido, tendo en conta o tráfico residual de trens que circulan dende ou cara a Guixar en comparación con Urzáiz (segundo os datos de IMD facilitados por ADIF en marzo de 2022), conclúese que a exposición nocturna por encima dos 55 dBA tanto do solo como da poboación mantense nunhas porcentaxes practicamente desprezables, ao igual que para os períodos de día, tarde e 24 horas, neste caso para niveis de ruído Ld , Le e Lden superiores a 65 dBA.

c) Tráfico viario:

Tódolos eixes viarios:

- Superficie exposta: O tráfico viario é, por tanto, a fonte de ruído predominante na aglomeración de Vigo. Dos cálculos realizados conclúese que, debido ao tráfico que circula diariamente

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

polos diferentes eixos viarios do municipio, preto dun 9% do solo municipal está exposto a niveis de ruído en período día, Ld, e en período tarde, Le, superiores a 65 dBA, porcentaxe que sobe ata o 12% para o período 24h, Lden. Pola noite, pola súa banda, a porcentaxe de solo exposto a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA sitúase lixeiramente por encima do 12% da superficie total.

- Poboación exposta: En canto á poboación exposta, ao redor dun 20% da poboación de Vigo vese exposta a niveis de ruído día Ld e tarde Le superiores a 65 dBA, alcanzando o 28,3% no caso do índice Lden. Pola noite, ao redor dun 26% da poboación está exposta a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA.

Grandes eixes viarios:

Segundo o requirido na revisión do MER correspondente á 4ª fase, débese analizar por separado a afección acústica debida ao tráfico que circula polos grandes eixos viarios. No caso de Vigo, os grandes eixos viarios que teñen incidencia no municipio son os seguintes:

• Autoestrada AP-9. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
• Autovía AP9-V. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
• Autovía VG-20. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
• Autovía A-55. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
• Autoestrada AG-57. Administración: Xunta de Galicia

- Superficie exposta grandes eixos viarios: O resultados obtidos conclúen que aproximadamente un 6% do solo vese afectado por niveis de ruído Ld e Le superiores a 65 dBA, polo tráfico que circula por estes grandes eixos, chegando ata preto do 8% no caso do índice Lden. Pola noite, a porcentaxe de solo exposto a niveis de ruído Ln superiores a 55 dBA sitúase lixeiramente por debaixo do 9% da superficie total do municipio.

- Poboación exposta grandes eixos viarios: A poboación exposta ao ruído que xera o tráfico que circula polos grandes eixos viarios, aproximadamente un 2% desta vese afectada por niveis de ruído Ld, Le e Lden superiores a 65 dBA, e por niveis nocturnos Ln superiores a 55 dBA.

3.- Programas en acción e previstos e síntese de resultados no Documento de revisión do Plan de Acción Contra o Ruído, fase 4ª (PAR):

O PAR contempla no apartado oito, os programas en acción e previstos contra o ruído, desenvolvendo estratexias e programas en curso (curto prazo), estratexia a medio e longo prazo e medidas previstas no PAR para reducir o ruído.

O obxectivo principal do presente PAR é o de analizar a situación acústica do municipio de Vigo e planificar todas aquelas actuacións que se consideren necesarias para reducir a contaminación acústica e a exposición do seu territorio e dos seus residentes a niveis excesivos de ruído.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 33 de 108 |
|---|---|---|
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Entre os anos 2008 e 2012 o Concello de Vigo investiu preto de 75 millóns de euros en máis de 80 actuacións que contribuíron no seu momento para mellorar o confort acústico na súa contorna de influencia.

O investimento continuou entre os anos 2013 e 2024, onde se investiron aproximadamente 100 millóns de euros en case 170 actuacións, principalmente en humanizacións e ensanches de rúas e barrios, reasfaltado e arranxo de pavimentos e mellora de infraestruturas (trazados, curvas, etc.), así como actuacións de accesibilidade, adaptación e reparación de contornas como co plan Vigo Vertical.

| ANO | CONCEPTO | GASTO TOTAL |
|---|---|---|
| 2013-2017 | HUMANIZACIÓNS, MELLORA DE INFRAESTRUTURAS E ACCESIBILIDADE | 64.808.493,20 € |
| 2018-2024 | HUMANIZACIÓNS E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS | 23.860.924,01 € |
| 2018-2024 | VIGO VERTICAL | 11.530.758,54 € |
| **TOTAL** | **100.200.175,75 €** | |

Todas estas actuacións contribuíron, en maior ou menor grao, a mellorar a calidade da contorna no que se desenvolveron e, con iso, as condicións de habitabilidade, confort acústico e convivencia dos seus habitantes.

A política urbanística e ambiental do Concello de Vigo ten previsto continuar nos próximos anos coa liña establecida de creación dunha cidade máis sostible, habitable e accesible a todos os seus cidadáns. Así, dentro das Estratexias e programas en curso (curto prazo) nos próximos 5 anos (anos 2024 a 2029) proxéctase destinar máis de 26 millóns de euros en novas actuacións planificadas ao redor da humanización de novas rúas e contornas da cidade, accesibilidade e, tamén, asfaltados así como para seguir o plan de desenvolvemento urbano Vigo Vertical. Coa mellora do asfaltado, conséguese reducir os niveis sonoros do ruído de rodaxe, tanto máis cantas máis características acústicas teña o asfalto, non só pola propia porosidade deste, en comparación coa do asfalto anterior. No ano 2025 estase a reasfaltar máis dunha decena de rúas, cubrindo case 8 km de lonxitude en total.

| ANO | CONCEPTO | GASTO TOTAL |
|---|---|---|
| 2024-2029 | HUMANIZACIÓNS E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS | 23.577.044,72 € |
| 2024-2029 | VIGO VERTICAL | 2.593.647,55 € |
| **TOTAL** | **26.170.692,27 €** | |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

- Estratexia a media e longo prazo:

Dende o Concello de Vigo valóranse e promoven ademais outras medidas para ir instaurando nun futuro, a medio e longo prazo, encamiñadas tamén a reducir os niveis de ruído do municipio e mellorar o tráfico e a habitabilidade dos residentes. Entre elas, caben destacar as seguintes:

- Continuar coa liña de análise e avaliación do impacto acústico debido ao tráfico de vehículos pesados, considerando a viabilidade de aplicar restricións ao mesmo en zonas con alta densidade de poboación e naquelas rúas onde os vehículos de gran tonelaxe supoñan unha porcentaxe de circulación considerable, en relación ao tráfico medio diario.

- Reducir a velocidade máxima permitida, pasando de 50 km/h a 30 km/h ou mesmo a 20 km/h en vías urbanas, principalmente en contornas residenciais das parroquias centrais do municipio, con maior concentración de residentes.

- Mellorar as semaforizacións en puntos críticos da cidade, tal que permitan optimizar a fluidez do tráfico, reducindo atascos e o número de operacións de parada/arranque de vehículos, as cales contribúen a incrementar os niveis de ruído na contorna dos semáforos.

- Continuar coa instalación de paneis informativos en diferentes puntos da cidade, con información en tempo real das vías máis e menos fluídas, para que os condutores poidan elixir o traxecto máis conveniente, favorecendo a circulación, reducindo a formación de atascos e diminuíndo así o aumento de niveis de contaminación e de ruído que se producen neles.

- Vixiar o ruído en diferentes zonas do termo municipal, co obxectivo principal de controlar e mellorar o confort acústico da poboación.

- Apostar pola colaboración do Concello de Vigo coas administracións responsables daquelas fontes de ruído de competencia supramunicipal (eixos viarios, actividade portuaria, etc.), para a análise de puntos conflitivos dentro do territorio e a adopción de medidas correctoras (redución de velocidade, restricións de tráfico pesado, instalación de barreiras acústicas, etc.) que contribúan a reducir o impacto acústico na contorna. Así, por exemplo, no caso da contorna da AP-9V, reducir a velocidade máxima de 100 km/h a 50 km/h no seu traxecto, sendo o Ministerio de Fomento a administración responsable, suporía diminuír entre un 60% e un 95% a poboación exposta na zona a niveis excesivos de ruído.

- Fomentar espazos comúns libres de tráfico, dando prioridade aos peóns sobre os vehículos, humanizando áreas densamente poboadas, xerando contornas de esparexemento seguros e confortables tanto acusticamente como no referente ao acceso a eles e á súa habitabilidade.

- Analizar o efecto que terá nun futuro a entrada en circulación con carácter xeneralizado do coche eléctrico, sobre a pegada de ruído do municipio.

S.ord. 12/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

- Promover o uso da bicicleta, do patinete eléctrico, do *segway*, etc., por diante do vehículo privado, e a súa circulación responsable e controlada a través dos carrís bici habilitados e previstos en todo o termo municipal.

- Apostar polas campañas de información e sensibilización da poboación acerca da problemática do ruído e dos seus efectos nocivos sobre a saúde, dos beneficios de camiñar cara a unha cidade acusticamente confortable, así como do relevante papel que xoga o cidadán e da importancia do respecto ao medio ambiente e ao descanso alleo.

Ademais destas actuacións, que promoverán o desenvolvemento sostible da cidade e mellorarán a mobilidade e o confort da cidadanía, no presente Plan de Acción contra o Ruído deseñáronse unha serie de medidas específicas, co obxectivo principal de reducir a exposición ao ruído da poboación nas contornas de maior afección, reducindo así tamén os efectos de risco sobre a saúde dos habitantes. Dos resultados analizados no MER da 4ª Fase, conclúese que o principal foco de ruído responsable da exposición ao ruído é o tráfico viario, especialmente nas zonas de maior densidade de poboación, polo que as medidas contempladas céntranse sobre estas fontes de ruído.

Estas medidas poden agruparse en dúas grandes categorías: redución da velocidade máxima nas ZBE, nas rúas periféricas de Avenida da Gran Vía, na VG-20 e na Avenida Arquitecto Palacios; e asfaltado acústico dos principais eixos de media/grande capacidade do municipio, tales como a Avenida da Gran Vía, Avenida de Castelao ou Jenaro de la Fuente, peatonilización da zona Portal do Sol, Elduayen e Paseo de Alfonso XII (tráfico a traves dun túnel subterráneo).

A aplicación das medidas descritas ten un claro efecto positivo nos datos de exposición da poboación a niveis excesivos de ruído, estimando redución teóricas de ata o 48% en canto a poboación exposta a niveis de ruído en fachada Ld ≥ 65 dBA e Le ≥ 65 dBA, e de en torno ao 30% en canto a poboación exposta a niveis de ruído en fachada Ln ≥ 55 dBA e Lden ≥ 65 dBA, beneficiando a entre 23.000 e 26.000 persoas con respecto aos resultados obtidos no último MER.

Así mesmo, a aplicación destas medidas tamén ten consecuencias positivas, máis moderadas, sobre a exposición da poboación a niveis medios de ruído, alcanzando reducións teóricas do 16% en canto a poboación exposta a niveis de ruído en fachada Ln ≥ 50 dBA, e de preto do 5% no referido a poboación exposta a niveis de ruído en fachada Ld ≥ 55 dBA, Le ≥ 55 dBA e Lden ≥ 55 dBA. En total, estímase que, nos devanditos rangos de ruído, a implantación das medidas propostas no PAR pode chegar a beneficiar a unhas 22.000 persoas en período nocturno e a unhas 9.000 persoas no resto dos períodos.

En canto aos beneficios sobre os indicadores de risco para a saúde, estímase que, coa aplicación das medidas propostas no PAR, un total de 45 persoas experimenten unha redución de efectos prexudiciais debido a Enfermidades Cardíacas Isquémicas (ECI), de 3.892 persoas debido a Molestias Intensas (MI) e de 1.408 persoas debido a Alteracións Graves do Sono (AGS), o que supón reducións de entre un 8% e un 14%.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

## III- FUNDAMENTOS DE DEREITO

### III.1.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española de 1978.
- Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (L PACAP).
- RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental).
- RD.1367/2007, do 19 de outubro, de desenvolvemento da L.37/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas).
- Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- Demais normativa de concordante aplicación.

### III.2.- SOBRE AS ALEGACIÓNS/SUXESTIÓNS E CONSIDERACIÓNS PRESENTAS NO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA.

O equipo redactor do PAC, Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L., e a súa supervisión e control á Universidade de Vigo, CIF Q8650002B, emiten informe sobre as alegacións/suxestións e consideracións presentadas o 3/12/2025 (Doc. 250345997), nos seguintes termos e co que mostran a súa conformidade os técnicos municipais asinantes:

1. Alegación/suxestión presentada por J.P.R. (Doc. Núm. 250315237)

1.1. En relación á solicitude de instalación de radares de ruído:

No apartado 8.3 do Plan de Acción, correspondente ás estratexias previstas para reducir os niveis de ruído no municipio de Vigo, establécese a monitorización e o control do ruído como unha das principais liñas a seguir polo Concello de Vigo a medio e longo prazo. Este tipo de estratexias comprendería, por tanto, a valoración da implantación de todas aquelas iniciativas ou tecnoloxías emerxentes que poidan ser de utilidade de cara ao control dos niveis sonoros dentro do termo municipal. Con todo, no caso particular dos radares de ruído, non se prevé a súa instalación a curto prazo, toda vez que se trata dunha tecnoloxía que se atopa a día de hoxe en fase de avaliación para a homologación dos diferentes requirimentos metrolóxicos legais. Así e todo, o Concello de Vigo seguirá atento á evolución desta e doutras tecnoloxías de control acústico para valorar nun futuro a viabilidade e utilidade da súa implantación.

1.2. En relación á solicitude de aplicar canto antes á limitación de velocidade a 30 km/h e á renovación do asfalto:

Estas actuacións descríbense convenientemente no Plan de Acción, de xeito que o Concello de Vigo, sendo consciente da relevancia destas, contempla cumprir coa programación e prazos de execución previstos na correspondente planificación municipal.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 37 de 108 |
|---|---|---|
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

1.3. En relación á solicitude de instalación de radares de velocidade:

A limitación de velocidade nas diferentes rúas da cidade é unha das medidas máis efectivas no relativo ao control de ruído producido polo tráfico. Porén, a instalación de radares de velocidade para garantir o cumprimento da devandita limitación é unha medida enfocada principalmente no control da mobilidade e na mellora da seguridade, tanto viaria como peonil, sendo o control do ruído e do impacto ambiental, por tanto, unha consecuencia derivada da finalidade primeira procurada con este tipo de medidas.

1.4. En relación á solicitude de control acústico na contorna indicada:

Segundo o descrito no Plan de Acción, o Concello de Vigo adoptará as diferentes medidas indicadas neste para controlar e reducir os niveis sonoros dentro do seu termo municipal e, en especial, nas áreas de maior densidade de poboación. Neste sentido, entendendo que o problema da contaminación acústica debe ser abordado polo conxunto da sociedade viguesa, o Concello de Vigo, ademais das actuacións previstas, da realización de medicións de ruído onde se requira, etc., tamén acometerá, segundo o contemplado no apartado 8.1.4 do citado Plan, labores tanto de formación dos técnicos municipais como de concienciación da cidadanía sobre a importancia da contaminación acústica, así coma do respecto á convivencia e ao descanso veciñal.

<u>2. Informe emitido polo Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo
en data 20.11.2025 (Doc. Núm. 250299297)</u>

2.1. En relación á revisión do Plan de Acción contra o Ruído, o informe emitido resume a finalidade deste, así coma os seus aspectos principais e a tipoloxía das medidas propostas para a súa execución nos próximos anos.

2.2 En relación aos programas e estratexias previstas, o alegante recolle o descrito no Plan de Acción, no relativo á importancia da Zonificación Acústica do municipio elaborada no PXOM25 e á realización de estudos de impacto acústico para todo novo proxecto urbanístico, industrial, etc.

2.3. En relación a outros estudos, normativas e actuacións recollidas no PXOM25 e non contemplados no PAR, para a súa valoración no relativo á incidencia na mellora da calidade acústica do municipio, exponse o seguinte:

A realización dos diferentes tipos de estudos de impacto acústico, sexan de desenvolvementos urbanísticos, industriais, de infraestructuras, etc., é fundamental para predicir os niveis sonoros na contorna do novo desenvolvemento. Neste sentido, son xa de aplicación en calquera caso as pautas, procedementos, índices e valores límite establecidos na lexislación acústica vixente, tanto europea, como nacional, autonómica e local. Enténdese, polo tanto, que non é obxecto deste PAR detallar os contidos xerais ou específicos que deben figurar neste tipo de estudos.

Segundo o establecido na lexislación acústica vixente e, en particular, na Lei 37/2003 do Ruído, ningunha instalación, construción, modificación ou traslado de calquera tipo de emisor

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

acústico poderá ser autorizado, aprobado ou permitido o seu funcionamento pola Administración competente, se se incumpre o previsto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento en materia de contaminación acústica. Polo tanto, a Administración competente nacional, autonómica ou local, segundo proceda, ten a responsabilidade de predicir e controlar a contaminación acústica susceptible de producirse no seu ámbito de actuación e, consecuentemente, de solicitar os devanditos estudos de impacto acústico aos titulares dos proxectos, así como a aprobación destes con carácter previo á autorización da correspondente licenza de execución

**III.3.- OUTRAS CONSIDERACIÓN XURÍDICAS**

A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de elaborar Plans de accións correspondentes ó ámbito do Mapa Estratéxico de Ruído que permita afrontar globalmente as cuestións concernentes á contaminación acústicas precisando a liña de actuacións a desenvolver.

A disposición adicional primeira Lei 37/2003 do 17 de novembro establece a obriga de aprobar os plans de acción en materia de contaminación acústica, nas aglomeracións con máis de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 18/07/2008.

Tamén, o artigo 24 da dita lei establece a obriga de revisar e, no seu caso, modificar os plans de acción cada cinco anos dende a data da súa aprobación tralo trámite de información pública polo período mínimo dun mes.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 06/06/2019, aprobou definitivamente o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2018, fase 3ª, expte. 13971/306 e a Concellería de Medio Ambiente no ano 2024, encargou a revisión do citado plan de acción correspondente ó ano 2024, fase 4ª, cuxo documento final é obxecto do presente informe.

Ao abeiro do artigo 24 en relación co 22 da citada Lei 37/2003, de 17 de novembro, é preciso a aprobación do Documento de revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, tralo trámite de información pública por un período de un mes.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 17/10/2025, aprobou inicialmente o referido "Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª", e someteuse ó trámite de información pública dun mes mediante a inserción de anuncio no BOP de PONTEVEDRA, núm. 205 do, luns, 27 de outubro de 2025. A documentación en formato dixital estivo a disposición do público en xeral na páxina web do Concello de Vigo, no enderezo da internet: http://www.vigo.org (Servizos Cidade, Medio Ambiente) no enlace *https://hoxe.vigo.org/movemonos/mabiente_cont_acustica.php?lang=gal*, no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Vigo no enlace: *https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/exposicion.jsp?* e no Portal de Transparencia. Tamén, podía consultarse nun sistema informativo do servizo municipal de Medio Ambiente, planta segunda da casa do Concello.

As alegacións/suxestións e consideracións presentadas no trámite de información pública foron incorporados ao expediente e obxecto de informe polo equipo redactor do PAR e co que mostran a súa conformidade os técnicos municipais asinantes.

S.ord. 12/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 39 de 108 |
| --- | --- | --- |
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

O “Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído no Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª contén os contidos mínimos esixidos pola normativa de aplicación, en especial, a Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002; Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal); RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental); RD 1367/2017, de 19 de outubro, de desenvolvemento da L.37/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas), D. autonómico 106/2015, de 9 de xullo, nos aspectos obxecto da revisión.

A competencia para a aprobación do Documento de revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, corresponde ó alcalde ó abeiro do establecido no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Non obstante, a dita competencia foi delegada na Xunta de Goberno Local en virtude da resolución de delegacións de competencias do alcalde no referido órgano do 20/06/2023 (BOPPO 28/06/2023).

Por todo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

**ACORDO**

**Primeiro.-** Desestimar á alegación/suxestión presentada por J.P.R., DNI ****921**, (doc. 250315237, 11/11/2025), no trámite de información pública do Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, en base ós fundamentos de feito e dereito que se sinalan na parte expositiva deste acordo.

**Segundo.-** Aprobar definitivamente o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, redactado pola entidade Sonen, Centro de Acústica e Servicios de Telecomunicacións, S.L. con CIF B32374431, coa supervisión e control da Universidade de Vigo, CIF Q8650002B, Escola de Enxeñería de Telecomunicacións “Sonitum”, asinado dixitalmente o 25/09/2025, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (expte. 18955/306).

**Terceiro.-** Remitir o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, aprobado definitivamente, nos formatos dixitais establecidos, á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostenibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e, tamén, ó Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para traslado á Comisión Europea, de acordo co previsto na Disposición adicional oitava da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e artigo 14 do Rd 1513/2005, de 16 de decembro.

**Cuarto.-** Publicar este acordo de aprobación definitiva no BOP de Pontevedra para xeral coñecemento ao abeiro do establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do PACAP, e notificar aos interesados/as que contra o presente acordo, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, poderán interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**Quinto.-** Publicar o presente acordo e o Documento de Revisión do Plan de Acción contra o Ruído do Concello de Vigo, ano 2024, fase 4ª, aprobado definitivamente, na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: http://www.vigo.org (Servizos Cidade, Medio Ambiente), e no Portal da Transparencia do Concello de Vigo co obxecto de facilitar a súa consulta polos cidadáns a través de medios electrónicos.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(934).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO EXPROPIATORIO POR TAXACIÓN CONXUNTA DA PARCELA 0644213NG2704S0001RB (RÚA DE ABAIXO 42, BARRIO DE O ROCÍO). EXPTE. 12695/307.**
Visto o informe de fiscalización de data 01/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/11/2025, asinado pola xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

Primeiro.- A Concellería de Patrimonio histórico está a desenvolver con carácter integral unha actuación urbá e artística no Barrio de o Rocio, entre a rúa Rocio e a rúa de Abaixo. No proxecto técnico redactado polos arquitectos Pefecto Cendón Domínguez e F. Javier Vázquez Fernández, analízanse os usos e ocupacións dos espazos públicos, o estado dos servizos urbanos, as barreiras existentes e outra serie de actuacións encamiñadas á mellora do Barrio, todo elo en colaboración cunha artista urbana que se encargará de executar unha serie de murais horizontais e verticais.
I.
Unha das actuacións necesaria e primeiras do proxecto consiste na adquisión da parcela baleira situada no nº 42 da rúa de Abaixo no barrio de O Rocío (ref. catastral nº 0644213NG2704S0001RB), co fin de proceder á súa adecuación ao uso previsto no planeamento urbanístico de espazo libre público, polo que se incorpora ao proxecto de intervención artística para a rexeneración urbana integral deste barrio.

Segundo.- En data 25 de setembro de 2025, delegouse na Primeira teniente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, e Igualdade, todas as atribucións precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento da totalidade das actuacións municipais necesarias para a adquisición ben de mutuo acordo, ben a través do procedemento de expropiación forzosa da finca sita no nº 42 da rúa de Abaixo no barrio de O Rocío (ref. catastral no 0644213NG2704S0001RB)



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 41 de 108 |
|---|---|---|
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Terceiro.- En data 15-10-2025 incóase expediente para a obtención da parcela referida, que linda ao norte co rúa de Arriba, rúa Medio e parcelas 0644212NG2704S e 0644919NG2704S e 0644918NG2704S e ao sur, este e oeste coa rúa Abaixo.

Cuarto.-En outubro de 2025 redáctase o proxecto expropiatorio polo procedemento de taxación conxunta da parcela necesaria para reordenar o tráfico do barrio de O Rocío.

Quinto.- A resolución de incoación notificouse en data 30 de outubro de 2025, ós herdeiros da persoa que figura como titular catastral na documentación preparatoria do presente expediente, ás que se lles solicitou a remisión dos correspondentes títulos de propiedade e cantos documentos acreditasen a existencia de toda clase de dereitos sobre a parcela afectada polo presente procedemento expropiatorio. Igualmente, interesouse do Rexistro da Propiedade a emisión da certificación rexistral da parcela, emitíndose en data 11.09.2025 certificado de non constar inscrita no Rexistro da propiedade.

En data 10.11.2025 os interesados aportan escritura pública nº 1.932 da relación protocolaria do notario Joaquín López Doval de aceptación e adxudicación parcial de herdanza, de data 12.12.2019.

Sesto.- En data 09.10.2025 a arquitecta municipal, xefa de Planeamento e xestión da Xerencia municipal de Urbanismo informa o proxecto expropiatorio, concluíndo que cumpre co establecido no artigo 292 do RLSG, no que se refire á documentación mínima necesaria e que a avaliación se realiza segundo o establecido na normativa estatal de valoración, para o caso de expropiación, recollida no RVLS. O método utilizado é o residual estático e o valor acadado resulta axeitado para a parcela que se pretende expropiar.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- Normativa de apricación

-Plan xeral de ordenación urbana de Vigo aprobado en data 26.05.2025 e publicado no BOP de Pontevedra núm. 146 (BOP 04.08.2025) e no DOG o 30.06.2025
-Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana
-Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
-Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia
-Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1.954
-Regulamento da Lei de expropiación forzosa do 26 de abril de 1.957
-Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de avaliacións da lei do solo.
-Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

**II.- Obxecto e xustificación do proxecto expropiatorio**

Tal e como consta nos antecedentes, o concello de Vigo promove o expediente de actuación integral (execución de obras e actuación artística) no barrio de O Rocío, ámbito homoxéneo de construción unitaria dos anos 50, planificado con vivendas aliñadas e ordenadas ao redor de tres rúas (Rúa de abaixo, Rúa do medio, Rúa de arriba), cos seguintes límites:

-A rúa Rocío ao oeste, rúa de paso, atallo de vehículos, á que os testeiros dan fronte con medianeiras de acabados e texturas dispares.

-Rúa marxinal paralela á rúa Marín de paso e aparcadoiro, ao que dan rochos, un garaxe e as zonas residuais dos bloques de vivendas da rúa Marín.

-Parcela privada, residual ao sur onde se estrelan sen saída contra un muro de bloque as Rúas do barrio, unidas por un camiño angosto.

-PERI do Rocío sen ordenar ao leste.

Para desenvolver esta actuación o Concello formula o proxecto de obras no que se pretende:
-Eliminar os vehículos da rúa do Medio, rúa de abaixo e rúa de Arriba, para poder interviñer dun xeito artístico nos pavimentos e nas fachadas e medianeiras que se seleccionarán durante o proceso.

-Buscar alternativas posibles para recolocar os estacionamentos dos vehículos das vivendas no ámbito. Sen resolver esta cuestión non se poderán garantir o éxito da intervención, xa que non tería sentido ocupar con vehículos os pavimentos tratados dun xeito artístico coa intervención.

-Coordinar as medianeiras e as fachadas a intervir, e prever o tratamento base a aplicar que poida servir de soporte para a intervención.

Coa finalidade de eliminar os vehículos das rúas e recolocar os estacionamentos, o proxecto presenta como actuación necesaria para reorganizar e reorganizar o tráfico de vehículos, a adquisión da parcela baleira situada no nº 42 da rúa de Abaixo no barrio de O Rocío (ref. catastral nº 0644213NG2704S0001RB), coa previsión de proceder á súa adecuación ao uso previsto no planeamento urbanístico de espazo libre público.

A parcela que se pretende adquirir está clasificada no PXOM 2025, como solo urbano consolidado con ordenanza de aplicación U8 Actuacións unitarias consolidadas, e como espacio libre.

Tendo en conta esta clasificación do solo, o artigo 129 da Lei do solo de Galicia sinala que os terreos destinados polo plan a sistemas locais en solo urbano consolidado obteranse mediante expropiación forzosa, por convenio entre a Administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio público municipal do solo.

S.ord. 12/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

## III.O Procedemento de taxación conxunta

### III.1.- Declaración de utilidade pública e urxente ocupación

O artigo 9 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954 expresa que o plan urbanístico leva implícita a declaración de utilidade pública aos efectos da expropiación.
A causa da expropiación ven determinada no artigo 101 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: Os bens e dereitos incluídos no ámbito de actuación, ou adscritos á execución do plan para a súa afectación a dotacións públicas, entenderanse afectados o cumprimento das súas previsións e poderán ser expropiados pola administración actuante.

Determina o apartado primeiro do artigo 85 da Lei do solo de Galicia, que aprobación dos instrumentos de plan urbanístico implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados para os efectos dos fins de expropiación ou imposición de servidumes.

No mesmo senso o apartado 2 artigo 42 do Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, especifica que a aprobación dos instrumentos da ordenación territorial e urbanística que determine a súa lexislación reguladora levará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos correspondentes, cando devanditos instrumentos habiliten para a súa execución e esta deba producirse por expropiación.

Dita declaración estenderase aos terreos precisos para conectar a actuación de urbanización coas redes xerais de servizos, cando sexan necesarios.
En canto ao procedemento a seguir, os artigos 117 e seguintes da Lei do solo de Galicia sinala que tratándose dunha expropiación urbanística, o procedemento será o de taxación conxunta, polo que a administración expropiante obtén a propiedade de todos os bens e dereitos incluídos no polígono e executa as obras de urbanización. No mesmo senso, o artigo 290.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (en diante RLSG) cando dispón que a administración expropiante poderá aplicar o procedemento de taxación conxunta ou seguir o procedemento de expropiación individual previsto na lexislación vixente en materia de expropiación forzosa; Sendo así unha elección do procedemento unha opción para a administración expropiante, estímase que o procedemento de taxación conxunta é o máis axeitado para a tramitación do presente expediente, permitindo a urxente ocupación duns terreos necesarios para acometer o proxecto.

### III.2.- Valoración

Sinala no seu informe a arquitecta xefa de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo,que como queira que a parcela a expropiar non ten asignada edificabilidade lucrativa, calculouse a media do ámbito homoxéneo tal e como se recolle no artigo 21 do Decreto 1492/2011 do 24 de outubro polo que se aproba o Regulamento da Lei de Solo, de ámbito estatal (RVLS). O método utilizado é o residual estático recollido no artigo 22 do RVLS.
Os cálculos están realizados segundo a lexislación existente estatal en materia de valoracións, e os valores resultan coherentes cos valores da zona na que se atopa a

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

parcela, e concluíndo que o valor acadado resulta axeitado para a  parcela que se pretende expropiar.

**III.3.- Documentación do proxecto e tramitación do procedemento de taxación conxunta**

Tal e como se reflicte no proxecto expropiatorio, o documento ten o contido mínimo material dos proxectos expropiatorios por taxación conxunta, dando cumprimento ao previsto no artigo 118 da LSG e 292 RLSG: delimitación do ámbito territorial, cos documentos de situación, superficie e lindeiros, coa descrición de bens e dereitos afectados e a relación das persoas titulares, fixación de prezos, coa valoración razoada do solo, segundo a súa cualificación urbanística, folla de xusto prezo individualizado, plano de situación, plano de información urbanística e plano parcelario.

No que atinxe ao procedemento para a aprobación do proxecto  a Lei do solo de Galicia nos artigos 118 e seguintes, e en similares termos os artigos 293 e seguintes do seu Regulamento de desenvolvemento, prevén que o proxecto de expropiación, cos documentos indicados no parágrafo anterior, será aprobado inicialmente polo órgano competente e exposto ao público polo prazo dun mes, a fin de que as persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no tocante á titularidade ou  valoración  dos seus respectivos dereitos.

A información pública, realizarase por medio da inserción de anuncios no Diario oficial de Galicia e nun dos diarios de maior circulación da provincia; así mesmo, as follas de aprecio e a proposta de fixación dos criterios de  avaliación notificaranse individualmente ás persoas que aparezan como titulares de bens ou dereitos no expediente, a fin de que formulen as alegacións que estimen oportunas no prazo dun mes, a contar a partir da data de notificación. De conformidade co disposto no apartado segundo do artigo 291 RLSG, agás proba en contrario,a Administración expropiante considerará propietario ou titular a quen así conste no Rexistro da Propiedade. En caso de parcela non inscrita, a propiedade acreditarase mediante a certificación negativa de inscrición expedida polo Rexistro da Propiedade e o título de propiedade correspondente.
Informadas as alegacións recibidas, o expediente expropiatorio elevarase ao órgano competente para a súa aprobación definitiva, e a resolución aprobatoria notificarase ás persoas interesadas, conferíndolles un prazo de 20 días a fin de que manifesten a súa desconformidade de coa valoración establecida no expediente aprobado, dando traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia para a fixación definitiva do prezo xusto en vía administrativa; no caso de que non formulen oposición á valoración no prazo indicado, o prezo xusto quedará fixado definitivamente en vía administrativa, entendéndose que de conformidade.

O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta, implica de conformidade co disposto no artigo 118 apartado 10 da LSG e no artigo 293 apartado 10 do RLSG, a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados. O pagamento ou depósito do importe da valoración terá os efectos previstos nos números 6, 7, e 8 do art. 52 da LEF, sen prexuízo da continuación do procedemento para definitiva fixación do prezo xusto.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 45 de 108 |
|---|---|---|
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

O pagamento do prezo xusto só se fará efectivo na forma determinada pola lexislación básica do estado ( LEF e RLEF), consignándose como depósito legal sen xuros en caso contrario na Caixa xeral de depósitos a disposición dos seus titulares, que deberán instar o seu rescate desta administración acreditando o seu dereito.

**IV.- Pago da expropiación**

O pago do xustiprezo, 81.856,26€, realizarase conforme ás seguintes anualidades:

-Anualidade 2025 : 52.880 € deberán ser de apricación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo segundo modificación de crédito nº 56 nas modalidades de crédito extraordinario e suplemento de crédito, na aplicación orzamentaria 9330.6000044, ADQUISICIÓN PARCELA BARRIO DE O ROCIO do orzamento municipal 2025.

-Anualidade 2026: 28.976,26€, con cargo á partida funcional do Barrio de O Rocio do orzamento municipal 2026.

**V.- Competencia**
Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local (artigo 127.1.d) da LBRL), a proposta da Primeira teniente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, e Igualdade, por delegacIon da Alcaldía según decreto de data 25 de setembro de 2025.
En consecuencia,fomúlase á Xunta de Goberno Local, a seguinte

**PROPOSTA**

**Primeiro.-**. Aprobar inicialmente o *Proxecto expropiatorio polo procedemento de taxación conxunta para a obtención da parcela 0644213NG2704S0001RB, situada no nº 42 da rúa de Abaixo no barrio de O Rocío* segundo o documento de data outubro de 2025, elaborado pola entidade Calixto Escariz S.L.U.

**Segundo.-** Acordar a apertura do trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante a inserción de anuncios no Diario oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia, para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

**Terceiro.-** Notificar as taxacións de forma individual a aquelas persoas que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, mediante traslado literal das correspondentes follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que formulen as alegacións que teñan por conveniente no prazo dun mes a partir da data da notificación.

**Cuarto.**- Solicitar do Rexistro da propiedade núm. 2 de Vigo a práctica da nota marxinal de incoación do procedemento expropiatorio por taxación conxunta naqueles predios afectados polo mesmo que figuren inscritos, no seu caso, consonte o disposto no art. 22 do Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(935).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA AOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN NA ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROBAS PSICOTÉCNICAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN DAS PRAZAS DE SARXENTO E CABO DO SPEIS INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022 (2ªFASE). EXPTE. 47251/220.**
Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 28/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/12/2025 asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

**I.- ANTECEDENTES.**

Primeiro.- Mediante resolución do 21 de agosto de 2025, a concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de para CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA AOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN NA ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROBAS PSICOTÉCNICAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN DAS PRAZAS DE SARXENTO/A E CABO DO SPEIS INCLUÍDAS NA OPE 2020-2021-2022 (2ªFASE).

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola técnica de organización e xestión de RRHH, a xefa da área de RRHH e Formación, coa conformidade da concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, RRHH e Formación, a concelleira de Área de Goberno, Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, en data 21/08/2025.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 47 de 108 |
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

b) Orde de inicio de 21 de agosto de 2025 da concelleira de Área de Goberno, Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal

c) Memoria económica do contrato asinada en data 28/08/2025 pola técnica de organización e xestión de RRHH, a xefa da área de RRHH e Formación, a concelleira de Área de Goberno, Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda,   corrixida en data 7/10/2025.

d) Documento contable de retención de crédito de 7/08/2025  (RCFUT núm. Operación 12025000106642))

e) Declaración da redactora do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola  técnica de organización e xestión de RRHH, e a xefa da área de RRHH e Formación en data 6/10/2025.

f) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 6/10/2025, asinado p técnica de organización e xestión de RRHH, e a xefa da área de RRHH e Formación

g) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 3 de novembro de 2025 asinada pola técnica de organización e xestión de RRHH, a xefa da área de RRHH e Formación, a concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, RRHH e Formación, e a concelleira de Área de Goberno, Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

h) Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa do servizo de Contratación, de data  4 de novembro de 2025

i) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 4 de novembro de 2025, asinado pola xefa do servizo de Contratación.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada nos concelleiros de Área por Decreto Delegación de Alcaldía de 28/06/2024, e Acordo da Xunta de Goberno Local de 26/09/2025, e concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, en resolución de 24 de xullo de 2025, autorizou o inicio deste  expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de organización e xestión de RRHH e a xefa de área de RRHH e Formación e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa do servizo de Contratación.

**Terceiro.**- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.

**Cuarto.-** No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a  aprobación do expediente.

**Quinto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e apro-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

bará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar o expediente de contratación (47251-220) por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada dos "SERVIZOS DE ASISTENCIA AOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN NA ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROBAS PSICOTÉCNICAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN DAS PRAZAS DE SARXENTO/A E CABO DO SPEIS INCLUÍDAS NA OPE 2020-2021-2022 (2ªFASE)".

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 6 de outubro de 2025, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 4 de novembro de 2025 que rexerán a contratación de "SERVIZOS DE ASISTENCIA AOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN NA ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROBAS PSICOTÉCNICAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN DAS PRAZAS DE SARXENTO/A E CABO DO SPEIS INCLUÍDAS NA OPE 2020-2021-2022 (2ªFASE)"

3º.- Aprobar o gasto por importe de 14.380,85 euros, para a contratación dos "SERVIZOS DE ASISTENCIA AOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN NA ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROBAS PSICOTÉCNICAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN DAS PRAZAS DE SARXENTO/A E CABO DO SPEIS INCLUÍDAS NA OPE 2020-2021-2022 (2ªFASE)", con cargo á aplicación orzamentaria 9201 2260700 GASTOS DE OPOSICIÓNS E PROBAS SELECTIVAS, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito, no orzamento do 2026, coa seguinte distribución de anualidades:

- 2026: 14.380,85 euros

4º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(936).- PROPOSTA DE INCREMENTO DAS XORNADAS LABORAIS ANUAIS APROBADAS NA PRÓRROGA DO "ACORDO MARCO PARA AMPLIACIÓN DAS XORNADA LABORAIS DA POLICÍA LOCAL DO ANO 2025". EXPTE. 47901/220.**
Visto o informe de fiscalización do 04/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/12/2025, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 49 de 108 |
|---|---|---|
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**ANTECEDENTES**

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 2/12/2025 aprobou o seguinte acordo (expte. 45656-220):

"**PRIMEIRO-** Prórrogar durante o ano 2025 o Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140/220) e que terá como obxectivo principal, seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuidas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, naquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.

**SEGUNDO.-** Aprobar a realizacion dun número máximo de xornadas anuais (4.420, cun máximo de 13 xornadas por efectivo) , sendo o seu custo máximo de 1.124.213,99 €. Os importes a aboar por cada xornada de disponibilidade realizada serán actualizados segundo lexislación vixente.

**TERCEIRO.-** Delegar na Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización trimestral das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas.

**CUARTO-** A autorizacion da realizacion das xornadas de disponibilidade realizarase previa solicitude da Xefatura da Policia Local, na que conste, as circunstancias excepcionais e coxunturais que motivan a necesidade de realizacion de xornadas de disponibilidade, numero de efectivos previstos e custo das mesmas, e unhaa vez que por parte da Intervencion Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 1320.150.0000.

**QUINTO-** A realización das xornadas estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algún retribucións de carácter fixo nin periódico.

**SEXTO.-** A presente prórroga quedará sin efecto de producirse a aprobación da proposta dun novo acordo marco adaptado ás condicións actuais da organización dos postos da Policía Local, logo da aprobación da última RPT do ano 2023, e da oportuna tramitación procedimental, de proceder a súa aprobación polo órgano competente, de xeito que substitúa o acordo que agora se prorroga e sempre que as circunstancias existentes así o motivasen.
..."

II. A través do doc. número 250344129 do expediente 129-2125, remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación, informe proposta asinado polo Intendente Xefe da Policia

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

Local e conformado pola Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no que se propón a aprobacion pola Xunta de Goberno Local da autorización dun incremento de **19 xornadas de reforzo** para o persoal do servizo da Policía Local durante o ano 2025, ao abeiro do Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140-220) sen que o dito incremento supoña superar o límite orzamentario de gasto previsto ( 1.124.213,99 €), fixado no acordo de prórroga de data 2/12/2024 (expediente 45656/220); e co obxectivo principal de poder acometer de xeito eficaz as necesidades ordinarias puntuais, eventos, así coma os que de xeito imprevisto poidan acontecer ao longo deste último periodo do ano, ante a insuficiencia dos recursos humanos ordinarios.

III- En canto á motivación sobre a necesidade da prórroga solicitada, remitímonos ao recollido no citado informe da Xefatura da Policía Local, conformado pola Concelleira da Área, que consta incorporado ao presente expediente (trámite 37).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I- Normativa e aplicación

O artigo 24.c) Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba a lei do texto refundido do estatuto básico do empregado público TREBEP, recolle con carácter xeral que a contía e estrutura das retribucións complementarias dos funcionarios, estableceranse pola correspondentes leis de cada Administración Pública atendendo, entre outros factores, ao grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultados obtidos.

Xa máis concretamente referido ao eido local, o artigo 5 do RD 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local, define o complemento de produtividade como aquel que está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que o funcionario desempeña o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignado ao mesmo.
En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Por resolución da Concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 27/12/2022, e rectificación do Anexo I de data 13/02/2023 (dándose conta do aprobado ao órgano delegante, Xunta de Goberno Local) publicados no BOP de Pontevedra de datas 19/01/2023 e 16/03/2023, aprobáronse os “Criterios para a asignación do complemento retributivo de produtividade no Concello de Vigo”, (expediente 39599-220).

S.ord. 12/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

Non obstante, os citados criterios manteñen vixentes transitoriamente unha serie de supostos previstos nas Instruccións sobre plantilla e Relación de postos de traballo do persoal ao servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, entre os que se atopa, no seu punto terceiro, apartado j) :

*-Os programas de disponibilidade horaria que fose preciso acometer en atención a circunstancias excepcionais que podieran concurrir nalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno local e previa elaboración por parte da Unidade Xestora dun estudio da concurrencia de circunstancias motivadoras excepcionais e urxentes, a imposibilidade de reasignación de efectivos e/ou de prestar o servizo cos efectivos existentes e os obxectivos a acadar co dito programa.*

Asi mesmo, nas Bases de execución do Orzamento do exercicio 2025 vixente, base 32, no apartado, 2.5, recóllese que:

*"No caso excepcional de existencia de gastos relativos a xornadas de reforzo e gratificacións por prestacións feitas fóra da xornada laboral, aos efectos do apartado 1.1.c), se comprobará que: no caso de xornadas de reforzo ou dispoñibilidade, existe un plan previamente aprobado pola Xunta de Goberno Local ou órgano que teña a competencia delegada, cuantificando o número máximo de xornadas, custe de cada unha delas e custe total, mapa de eventos, obxectivos a perseguir, número de horas necesarias. Unha vez aprobado o Plan anual, o servizo xestor estará obrigado a tramitar o preceptivo expediente para verificar a súa adaptación ao Plan e informar sobre a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte as xornadas que se queren executar. Con posterioridade, comprobarase para a súa fiscalización, que se achega a certificación da xefatura do servizo en canto a súa execución, facendo constar na mesma ou nun documento independente, como mínimo a seguinte información: o nome do empregado/a que executou as horas ou a xornada, día en que se fixo, o evento a cubrir, referencia sucinta das necesidades a cubrir, as horas feitas se se trata de gratificación, ou xornadas se se trata de reforzos. Todo elo sen prexuízo que se poidan establecer modelos para acreditar a autorización do gasto e a súa execución. Se achegará para a súa inclusión na nómina do mes que corresponda, a proposta do gasto feita pola Área de RR.HH e Formación e o acordo adoptado de recoñecendo a obriga (Resolución do/a Sr./Sra. Concelleiro/a Delegado/a de Persoal), ao que se unirá, o acordo de autorización das xornadas."*

**II-Análise das circunstancias concretas**

O Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais do Corpo da Policía Local, aprobado pola Xunta de Goberno local en sesión de data 22/06/2017 (expte. 30140-220), na súa disposición 3º, dispón a posibilidade de prórroga para sucesivas anualidades sempre que se den as causas e condicionantes de feito, circunstancias que se motivan no informe proposta asinado polo Intendente Xefe da Policia Local e conformado pola Concelleira delegada da Área, que consta incoporado ao expediente.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 2/12/2024 se autorizou a prórroga do dito e a realizacion dun número máximo de xornadas anuais (4.433, cun máximo de 13 xornadas

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

por efectivo), sendo o seu custo máximo, sen contar coa eventual prolongacion de xornada, de 1.128.118,55 €.

Polo Intendente Xefe da Policía Local, solicítase a ampliación en 90 xornadas do número total de xornadas para o ano 2025, sobre as 4.420 xornadas autorizadas no expediente de prórroga, sen que, en ningún caso, tal incremento supoña o incremento do crédito autorizado pola contía máxima de 1.124.213,99 €.

A súa execución estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria.

A autorizacion da realizacion das xornadas de disponibilidade realizarase previa solicitude do servizo da Policia Local, na que conste as circunstancias excepcionais e coxunturais que motivan a necesidade de realizacion de xornadas de dispoñibilidade, número de efectivos previstos e custo das mesmas, e toda vez que por parte da Intervencion Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 1320.150.0000.

Salvo erro ou omisión, segundo consulta da aplicación ginpix de persoal, constan os seguintes datos sobre a ocupación dos postos da Policía Local:

- Dotación total Policía Local: 401 Ocupados: 339 Vacantes: 63

No momento de aprobación do acordo marco de 2017 que agora se pretende prorrogar, o corpo da Policía Local contaba cunha dotación total de 402 postos, dos que estaban ocupados 341 e vacantes 61, representando un 84,8% de ocupación, superior aínda pois aos datos de hoxe en día.

No informe da Xefatura da Policía Local incorporado ao expediente, para a ampliación das xornadas de reforzo do ano 2025, recóllese o incremento de servizos que fai necesaria presencia policial na vía pública atendendo á axenda festiva de inverno e que, especialmente no mes de decembro, conleva a organización dun servizo extraordinario de regulación de tráfico nas zonas de maior afluencia de vehículos.

A vista, pois, dos datos expostos, existen causas obxectivas e xustificadas que serven de motivación para acordar a prórroga solicitada.

**CONCLUSIÓNS**:

- A proposta de ampliación en **19 xornadas de reforzo** sobre as 4.420 autorizadas ao abeiro da prórroga do Acordo Marco aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 2/12/2024 (expte. 45656/220), realízase no contexto dun plan de dispoñibilidade de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 53 de 108 |
|---|---|---|
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

máximos, polo que, a súa execución estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria, e sen que se teña que executar na súa totalidade. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algún retribucións de carácter fixo nin periódico.

- En ningún caso, a aprobación do incremento das 19 xornadas, suporá incremento do custo máximo de 1.124.213,99 €, autorizado na prórroga do Acordo Marco.

- A aprobación desta proposta non afectará ao réxime de autorizacións e delegacións competenciais contempladas na parte dispositiva do acordo da prórroga do Acordo Marco aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión de 2/12/2024 (expte. 45656-220).

**FISCALIZACIÓN PREVIA**

Sométese a fiscalización previa da Intervención Xeral, de conformidade co disposto nos artigos 213 a 223 Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos, e en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 1320.1500000- “Produtividade” do orzamento do ano 2025.

Consta informe favorable de 5/12/2025.

**RÉXIME COMPETENCIAL**

Correspóndelle a competencia de aprobación á Xunta de Goberno Local conforme ao artigo 127.1 h) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Á vista do exposto, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte,

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO-.-** Aprobar a ampliación de 19 xornadas laborais sobre as 4.420 autorizadas mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de 2/12/2024, polo que se aprobou prorrogar, durante o ano 2025, o Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140/220) e que terá como obxectivo principal, seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuidas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas, sendo o seu custo máximo, sen contar coa eventual prolongacion de xornada, de 1.124.213,99 €. Os importes a aboar por cada xornada de disponibilidade realizada serán actualizados segundo lexislación vixente.

**SEGUNDO.-** A autorizacion da realizacion das xornadas de disponibilidade obxecto de ampliación realizarase previa solicitude da Xefatura da Policia Local, na que conste, as circunstancias excepcionais e coxunturais que motivan a necesidade de realizacion de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

xornadas de disponibilidade, numero de efectivos previstos e custo das mesmas, e unhaa vez que por parte da Intervencion Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 1320.150.0000.

**TERCEIRO-** A realización das xornadas estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algún retribucións de carácter fixo nin periódico.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o adoptor no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións establecidos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(937).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, NA CATEGORÍA DE ADMINISTRATIVOS, POR SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DOS TITULARES: ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN. EXPTE. 47422/220.**

Visto o informe de fiscalización do 28/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/11/2025, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** Consta no expediente Resolución de incoación do expediente de data 16/09/2024 para o nomeamento de persoal interino por substitución na Área de Recursos Humanos e Formación coa categoría de administrativo/a de Administración Xeral, e informe de necesidades de reforzamento extraordinario e urxente na Área de RRHH e Formación, de sinatura dixital 15/10/2025. conforme ás situacións requeridas de sustitución que constan documentadas.

**II.-** Procedeuse ao chamamento conforme ao procedemento establecido nos criterios de xestión de listas de reserva, constando a aceptación, por orde de chamamento e en condicións de ser nomeados (segundo dilixencia ncorporada no trámite 150, de data



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 55 de 108 |
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

17/112025), polo que, existen dúas persoas candidatas en condicións de ser nomeado/as por aceptar os chamamentos e presentar correctamente a documentación.

**III.-** Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto de data 26/11/2025 para o nomeamento interino de dous/dúas administrativos/as de administración xeral en substitución transitoria dos/as titulares, durante o tempo estritamente necesario (art. 10.1.b) do TREBEP).

**V-** En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
  "*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

"*FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública.”* A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…......) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

**II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa ***“La sustitución transitoria de los titulares, durante el tiempo estrictamente necesario.”*** (letra b) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 57 de 108 |
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 179 de 19/09/2025), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.

Polo tanto, visto o artigo 10.1.b) do TREBEP, procede o nomeamento interino por substitución transitoria das persoas titulares durante o tempo estritamente necesario.
Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional obxecto de nomeamento, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 6.09.2024; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase aos postos de traballo cód. 105 – Administrativo/a

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

**III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

**IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

**V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Consta realizado o ofrecemento do posto correspondente á dotación 90 (cuberta con efectivo en uso do crédito horario sindical a tempo completo (expte. 43186-220) na orde de prelación determinada na lista de reserva e, producida a súa aceptación, seguidamente deuse trámite ao ofrecemento do posto da dotación 94 (cuberta e inactiva por razóns xustificadas).

Os aspirantes interesados e dispoñibles aceptaron expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

Así, segundo informe administrativo de verificación (trámite 150 do expediente) de data 17/11/2025 consta que:

*" (...)*

*De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025) e o vixente convenio coa XMU, procede o chamamento das/os candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:*

*Administrativa, substitución da persoa titular (motivo persoa delegada sindicais a tempo total):*

***- S. M. C. LORENZO ALONSO, con NIF ***6426*****

*Administrativo, substitución da persoa titular (motivo persoa en situación it en data actual):*

***- I. SUÁREZ PERTIERRA, con NIF ***8483*****

S.ord. 12/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

*De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia."*

**VI. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 27/11/2025:

*"O custo para 2 postos ref. RPT 2200109 ADMINISTRATIVO/A, de iniciarse a súa relación o 1/12/2025, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2025:*

| *S.Base C2* | *CD 16* | *CE 410* | *Pagas extra xuño - dec.* | *S. social empr.* | *Total/ 2postos* |
|---|---|---|---|---|---|
| ***1.731,36 €*** | ***1.003,38 €*** | ***1.701,10 €*** | ***249,40 €*** | ***1.488,97 €*** | ***6.174,21 €*** |

*Polo que o custo total para 2 postos administrativo/a ( ref. RPT 2200109) sería de* ***6.174,21 €"***

- Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

**VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

> *" 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*
>
> *2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*
>
> > *a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
> > *b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
> >
> > *c) La intervención material del pago.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

*d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.*"

**VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolucións da Excma. Alcaldía de 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025.

**IX.- PROPOSTA DE ACORDO**

***"PRIMEIRO:*** *Declarar a urxencia no nomeamento de 2 funcionario/as interino/as nos termos e condicións seguintes:*

- *Categoría profesional: Administrativo/a de administración xeral*
- *Modalidade legal: funcionario interino por substitución transitoria da titular, polo tempo estritamente necesario (artigo 10.1, letra b) do TREBEP)*:

  *- O/A/a empregado/a municipal con número de persoal 79394 (Dot. 90), en uso do crédito horario sindical a tempo completo (expte. 43186-220)*

  *- O/a empregado/a municipal con número de persoal 80569 (Dot. 94) que permanece dende o día 15 de maio de 2025 en situación de IT.*
- Destino: *Área de RRHH e Formación*
- Período temporal: polo tempo estritamente necesario, durante a substitución dos/as titulares das prazas de Administrativo/a administración xeral da Área de RRHH e Formación, coa duración contemplada na normativa vixente, e consonte ao establecido no artigo 10.1, letra b) do TREBEP.
- *Custe económico: 2 Administrativos/a de Administración Xeral con cargo ás aplicacións orzamentarias 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) , de iniciarse a relación de servizo o 1/12/2025, sería o seguinte para o ano 2025:*

| *S.Base C2* | *CD 16* | *CE 410* | *Pagas extra xuño - dec.* | *S. social empr.* | *Total/ 2 postos* |
|---|---|---|---|---|---|
| ***1.731,36 €*** | ***1.003,38 €*** | ***1.701,10 €*** | ***249,40 €*** | ***1.488,97 €*** | ***6.174,21 €*** |

S.ord. 12/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarias/os interinos por substitución do titular, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

| **Categoría: administrativo/a** | | |
|---|---|---|
| Nº | DNI** | NOME E APELIDOS |
| 1 | *****6426**** | **S. M. C. LORENZO ALONSO**, para substituír ao/á *empregado/a municipal con número de persoal 79394, que permanece en uso do crédito horario sindical a tempo completo (expte. 43186-220)* |
| *2* | *****8483****** | ***I. SUÁREZ PERTIERRA**, para substituír ao/á empregado/a municipal con número de persoal 80569 que permanece dende o 15/05/2025 en situación de IT.* |

de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e o Convenio de Colaboración coa Xerencia Municipal de Urbanismo de data 17/06/2024, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica e pola Xerencia Municipal de Urbanismo

Todo elo, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo ás/aos aspirantes nomeadas/os, Xefatura da Área de RRHH e Formación, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

**QUINTO.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(938).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO CON CARGO A PRAZA VACANTE DE ADMINISTRATIVO: ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN. EXPTE. 47787/220.**

Visto o informe de fiscalización do 05/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/12/2025, asinado pola técnica de Administracion Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** Pola xefatura da área de RRHH coa conformidade da Concellería de área competente, solicítase, entre outros, persoal interino coa categoría de administrativo de administración xeral para a cobertura de vacante (xubilación no ano 2025).

**II.-** Consta incorporado ao expediente, dilixencia de constancia da oficina administrativa da Área de Recursos Humanos e Formación, no que se recolle o seguinte entre outros:

*"De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025), á vista dos datos proporcionados polo programa informático de xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento das/os candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:*

*Administrativa, vacante OEP 2025: D. Cortizo Fernández, con NIF ***6053**"*

**III.-** Consta no expediente informe de cuantificación económica:
"Cuantificación económica custo nomeamento interino 1 efectivo Posto cod **105 Administrativo/a**

**Custo Anual 2025 Posto 105 Administrativo/a**

Aplicación orzamentaria Retribucións básicas 92021200300 : 15.517,40€
Aplicación orzamentaria Retribucións Complementarias C. Destino 92021210003: 10.425,80 €
Aplicación orzamentaria Retribucións Complementarias C. Especifico 92021210103: 16.141,58 €
Aplicación orzamentaria Seguridade Social empresa: 92021600000: 13.467,13 €



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 63 de 108 |
|---|---|---|
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | SALARIO BASE C1 | CD 19 | C ESPECÍFICO 317 | PAGAS EXTRA XUÑO- DIC | S.S. EMPRESA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Mes | 865,68 € | 501,60 € | 850,55 € | 748,21 € | 799.78 € | |
| Anual | **10.388,16 €** | **7.022,40 €** | **11.907,70 €** | **1.496,42 €** | **5.998,50 €** | **36.813,18 €** |

## <u>FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA</u>

### I.- Normativa de aplicación

É preciso comezar realizando unha relación cronolóxica dos principais fitos deste procedemento de licitación:

S.ord. 12/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

**Primeiro.-** En data 12 de setembro de 2025, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 15 de setembro de 2025 no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e fixándose como data final o 30 de setembro as 23.59.

**Terceiro.-** Presentaron oferta en prazo os seguintes licitadores:

1. AUBAY SPAIN, SAU
2. COREMAIN, SLU
3. ROBOT TECHNOLOGY SOLUTIONS, SL

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión do 2 de outubro de 2025, acordou admitilos a todos neste procedemento, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. A continuación procedeuse a apertura do sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos, e unha vez abertos, acordou por unanimidade solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

**Cuarto.-** Na sesión da Mesa do 30 de outubro de 2025 entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 27 de outubro de 2025 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"*. A Mesa acepta o referido informe por unanimidade. Acto seguido, procédese, en acto público, á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre C *"Proposición avaliable mediante fórmula"* co seguinte resultado:

| | **Licitador** | **Porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3I da FEC do PCAP** |
|---|---|---|
| 1 | AUBAY SPAIN SAU | 41,95% |
| 2 | COREMAIN SLU | * |
| 3 | ROBOT TECHNOLOGY SOLUTIONS SL | 25% |

* *A* oferta de COREMAIN SLU indica textualmente:

**"***Propone un porcentaje de descuento % a aplicar a los precios unitarios recogidos en el apartado 3I del Anexo I -HEC- del PCAP conforme a la siguiente tabla:*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

| *Perfil* | *Porcentaje de descuento a aplicar %* |
|---|---|
| *Jefe de Proyecto* | *39,00 %* |
| *Ingeniero DEVOPS* | *39,00%* |
| *Consultor Analista RPA* | *35,00 %* |
| *Programador RPA* | *20,00%"* |

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

**Quinto.-** A Mesa, na sesión de 13 de novembro de 2025, á vista do informe asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica o 7 de novembro de 2025 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación, que é entregado e aceptado na mesma, acorda por unanimidade dos/as membros presentes, a exclusión de COREMAIN, SLU "*por apartase substancialmente do modelo de oferta establecido tal e como establece a cláusula 14.5.2.c) do PCAP".* De seguido, formula a proposta de clasificación á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

O acordo de exclusión foi notificado a COREMAIN, SLU, o 14 de novembro de 2025.

**Sexto.-** A concelleira da Área de Goberno de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 13 de novembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 13 de novembro de 2025, de COREMAIN, SLU por apartase substancialmente do modelo de oferta establecido tal e como establece a cláusula 14.5.2.c) do PCAP*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA (10731-113) na seguinte orde descendente:*

| | *Licitador* | *Puntuación total* |
|---|---|---|
| ***1*** | ***AUBAY SPAIN, SAU*** | ***83,00*** |
| *2* | *ROBOT TECHNOLOGY SOLUTIONS, SL* | *57,85* |

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUBAY SPAIN, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

S.ord. 12/12/2025

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

1. *A documentación esixida nas cláusulas 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrase que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Esta resolución foi notificada o mesmo día ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUBAY SPAIN, SAU, que presentou documentación o 14, o 25 e o 26 de outubro de 2025, dentro do prazo concedido.

**Sétimo.-** A Mesa de Contratación, na sesión de data 4 de decembro de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acordou outorgarlle un prazo de 3 días naturais para que puidera emendar a documentación relativa á solvencia técnica e profesional, a acreditativa de contar cun mínimo do 2% de traballadores con discapacidade, e acreditativa dos medios persoais esixidos.

**Oitavo.-** En data 10 de decembro, o xefe do servizo de Administración electrónica emite informe sobre as alegacións formuladas no escrito de recurso.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

**Obxecto deste recurso especial en materia de contratación**

É obxecto da presente impugnación o acordo da Mesa de Contratación de exclusión do recorrente do procedemento aberto para a contratación do servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA.

**-II-**

**Lexislación aplicable**

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

**-III-**

**Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso**

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscrición dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), pudendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 97 de 108 |
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

## -IV-

### Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

**A)** En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.

b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.

c) Os acordos de adxudicación.

d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.

e) A formalización de encargas a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.

f) Os acordos de rescate de concesións.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

Así, a o acordo de exclusión é un acto de trámite cualificado, que impide ao licitador continuar no procedemento, e en consecuencia, subsumible no artigo 44.2.b da LCSP, como acto susceptible de recurso.

**B)** En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, se non que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. No caso que nos ocupa non hai dúbida da lexitimación do recorrente na súa calidade de licitador. En consecuencia, procede propoñer ao tribunal o recoñecemento da súa lexitimación.

**C)** Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.

b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.

c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.

d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 99 de 108 |
|---|---|---|
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

**D)** Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

a) Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).

b) Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento (artigo 50.1.d).

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 4 de decembro de 2025. Dado que o acordo de exclusión foi notificado ao recorrente o día 14 de novembro de 2025, o recurso foi interposto en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

## -V-
## Motivos de impugnación da resolución recorrida

O escrito de recurso presentado por COREMAIN contén os motivos de impugnación no apartado único de "Motivos". Este é que "*La exclusión de COREMAIN no se ajusta a Derecho: la Mesa de Contratación actuó desproporcionadamente al decidir la exclusión sin haber requerido subsanaciones o aclaraciones previamente. La oferta presentada sí encierra el porcentaje único de descuento exigido (en un 30,20%)*".

O PCAP esixe como criterio de adxudicación avaliable mediante fórmula unha porcentaxe de desconto única aplicable aos prezos unitarios fixados. Así, o apartado 7.B.1 das Follas de Especificacións do contrato (en adiante, FEC) do prego de cláusulas administrativas (PCAP) establece o seguinte:

"*7.B) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

1. *Porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3I desta FEC: valorarase con ata 60 puntos*

   *Para a valoración deste criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 15 deste prego".*

O modelo de proposición atópase no apartado 6.B, que con relación ao citado criterio de adxudicación recolle no punto 3:

> *"3.- Propón unha porcentaxe de desconto do ...... (nº) % a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3I do Anexo I -FEC- do PCAP".*

No entanto, o recorrente presentou o modelo de proposición previsto no apartado 6.B incluíndo unha porcentaxe de desconto a cada un dos prezos unitarios previstos no apartado 3.I da FEC. Estes refírense ao custe hora de cada un dos medios persoais esixidos no apartado 5.F da FEC, é son os seguintes:

| PERFIL | CUSTO EFECTIVO UNITARIO PERFIL/HORA |
|---|---|
| Xefe Proxecto | 110,00 € |
| Enxeñeiro DEVOPS | 103,13 € |
| Consultor Analista RPA | 96,25 € |
| Programador RPA | 55,00 € |

Xustifica este feito no dato de que cada un dos medios persoais ten unha diferente carga de traballo e considera que a súa oferta contén unha única porcentaxe de desconto, razón pola cal considera que a Mesa de Contratación non debeu excluílo senón pedirlle aclaracións. Así, manifesta que:

> *"si bien es cierto que la propuesta presentada por COREMAIN no se adaptó estrictamente al modelo previsto en el PCAP (al ofrecer el porcentaje desglosado aplicado a cada uno de los precios unitarios y no expresado en un solo parámetro), ello no implica que su oferta no contenga un único porcentaje de descuento inequívoco, el cual como veremos es del 30,20%, no suponiendo modificación alguna de la oferta ni un valor nuevo, sino el resultado matemático de los precios ofertados con base en la tabla de precios y peso por perfiles en el proyecto según la memoria económica (páxina 6).*
>
> *(...)".*
>
> *A la hora de preparar la oferta económica, COREMAIN tuvo en cuenta los costes salariales por categoría profesional de cada perfil de los miembros que deberán integrar el equipo de prestará al servicio, así como el porcentaje temporal de cada uno respecto de la ejecución del proyecto (datos contenidos en el PCAP y Memoria Económica). Así, tal y como se desprende de la siguiente tabla que reproduce la que*

S.ord. 12/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 101 de 108 |
|---|---|---|
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*hemos visto de la Memoria económica del contrato (Documento no 4) añadiendo el parámetro del descuento a aplicar de forma ponderada, se puede comprobar en la oferta económica de COREMAIN simplemente se desglosó el porcentaje único aplicable a los precios unitarios en función de su ponderación con el porcentaje temporal de ejecución del proyecto que el PCAP atribuye a cada perfil (páxina 7):*

| Perfil | Custo base perfil/hora | Porcentaxe temporal con respecto ó proxecto % | Horas anuais de cada perfil | Custo efectivo unitario perfil/hora | Desconto a aplicar | % con respecto ao porcentaxe temporal con respecto ao proxecto |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Xefe Proxecto | 80.00 € | 0,1 | 36.36 | 110.00 € | 39,00% | 3,90% |
| Enxeñeiro DEVOPS | 75.00 € | 0,2 | 77.58 | 103.13 € | 39,00% | 7,80% |
| Consultor Analista RPA | 70.00 € | 0,3 | 124.68 | 96.25 € | 35,00% | 10,50% |
| Programador RPA | 40.00 € | 0,4 | 290.91 | 55.00 € | 20,00% | 8,00% |
| | | | | | | 30,20% |

Conclúe que, en aras do principio antiformalista que rexe a contratación pública, non procede excluír aos licitadores por defectos "*fácilmente subsanables*" e reproduce a continuación a doutrina dos tribunais administrativos de resolución de recursos especiais en materia de contratación ao respecto, citando varias resolucións do Tribunal Administrativo Central (en diante, TACRC) e unha do TACGAL en apoio desta tese.

É preciso analizar, en primeiro lugar se é admisible a solicitude de subsanación da oferta económica, e en caso afirmativo, os requisitos e limites da mesma.

Comezaremos por analizar a regulación da subsanación de ofertas na lexislación contractual.

A LCSP so prevé a posibilidade de subsanar a oferta no artigo 176.1 con relación ao procedemento de diálogo competitivo. Determina este precepto que:

*"Las ofertas deben incluir todos los elementos requeridos y necesarios para la realización del proyecto.*

*La mesa podrá solicitar precisiones o aclaraciones sobre las ofertas presentadas, ajustes en las mismas o información complementaria relativa a ellas, siempre que ello no suponga una modificación de los elementos fundamentales de la oferta o de la licitación pública, en particular de las necesidades y de los requisitos establecidos en el anuncio de licitación o en el documento descriptivo, cuando implique una variación que pueda falsear la competencia o tener un efecto discriminatorio".*

O artigo 84 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante, RGLCSP), recolle a posibilidade do rexeitamento de proposicións por parte da mesa cando a oferta presentada *"no guardase concordancia con la documentación examinada y admitida, excediese del presupuesto base de licitación, variara sustancialmente el modelo establecido, o comportase error manifiesto en el importe de la proposición, o existiese reconocimiento por parte del licitador de que adolece de error o inconsistencia que la hagan inviable"* determinando que neste caso a oferta *"será desechada por la mesa, en resolución motivada".* Pola contra, determina que *"el cambio u omisión de algunas palabras del modelo, con tal que lo uno o la otra no alteren su sentido, no será causa bastante para el rechazo de la proposición*".

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

A continuación, e preciso analizar a xurisprudencia e a doutrina consultiva e dos tribunais administrativos especiais en materia de contratación sobre a subsanación de ofertas.

Con relación á postura do Tribunal de Justicia da Unión Europea (en diante, TJUE), esta se recolle, entre outras, na Sentenza do 29 de marzo de 2012 (asunto C-599/10, SAG ELV), que fixa os requisitos e os límites aos cales se atopan suxeitos os poderes adxudicadores á hora de solicitar e admitir aclaracións sobre as ofertas ou emendas de erros observados nas ofertas. Estes son (puntos 40 a 44 da cuestión prexudicial):

1. Os datos relativos á oferta pódense corrixir ou completar "*excepcionalmente*" e "*de maneira puntual*", porque sexa "*evidente que requiren unha aclaración ou para emendar erros materiais manifestos*".
2. A aclaración ou a emenda do erro material manifesto non poderá modificar a oferta no sentido de propoñer unha "*nova oferta*".
3. A empresa licitadora que precise, aclare ou emende o erro na oferta non se poderá nin beneficiar nin prexudicar no procedemento de licitación pública.
4. O órgano de contratación "*está obrigado a tratar ás diferentes empresas candidatas da mesma maneira e con lealdade*".

A doutrina dos órganos consultivos tamén é proclive a admitir a subsanación de ofertas. Citaremos o Informe 7/2013, do 9 de decembro, da JCCA de Baleares, que analiza a posibilidade de solicitar aclaracións sobre as ofertas presentadas nos procedementos de contratación, afirmando que:

> *"(…) debe considerarse que no se vulnera el principio de igualdad de los licitadores por el hecho de que el órgano de contratación les solicite aclaraciones sobre el contenido de las ofertas presentadas, ya que esta actuación es una exigencia que se deriva de los principios de buena administración y de proporcionalidad, aplicables a todos los procedimientos de contratación"*

Con relación a doutrina dos tribunais administrativos especiais, tal e como se desprende das resolucións citadas polo recorrente no seu escrito de recurso, o TACRC ven admitindo, con cautela, en defensa do principio antiformalista, a posibilidade de corrección das ofertas presentadas polos licitadores, a condición de que se trate de erros non esenciais e, polo tanto, non impliquen a modificación da oferta inicial. Citaremos por todas a resolución 586/2022, citada tamén polo recorrente, que sintetiza a doutrina do TACRC sobre a subsanación de erros nas ofertas. Esta resolución comeza por establecer o criterio xeral:

> *"Como hemos señalado en varias de nuestras Resoluciones (entre otras, 364/2022 de 17 de marzo, 118/2021 de 12 de febrero), el principio antiformalista que preside la contratación de Sector Público permite al órgano de contratación solicitar aclaraciones a la oferta presentada, siempre que la misma incurra en defectos materiales o formales que puedan ser subsanados sin que ello resulte en modificaciones de aquella".*

En apoio desta doutrina cita varias sentenzas do Tribunal de Justicia de la Unión Europea. Citaremos a sentenza do 10 de outubro de 2013 – Asunto C-336/12 "Manova", que referenciando outras sentenzas anteriores, sinalou catro requisitos que deberían cumprirse para

S.ord. 12/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

proceder á solicitude de aclaración das ofertas, sendo estes os seguintes (puntos 34 a 37 da cuestión prexudicial):

> *"34.- En primer lugar, una petición de aclaración de una oferta, que no puede formularse hasta que la entidad adjudicadora haya tomado conocimiento de la totalidad de las ofertas, debe dirigirse, en principio, de manera equivalente a todos los licitadores que se encuentren en la misma situación (véase, en este sentido, la sentencia SAG ELV Slovensko y otros, antes citada, apartados 42 y 43).*
>
> *35 Además, la petición debe referirse a todos los puntos de la oferta que requieran una aclaración (véase, en este sentido, la sentencia SAG ELV Slovensko y otros, antes citada, apartado 44).*
>
> *36 Por otra parte, esa petición no puede tener como consecuencia que el licitador afectado presente lo que constituiría en realidad una nueva oferta (véase, en este sentido, la sentencia SAG ELV Slovensko y otros, antes citada, apartado 40).*
>
> *37 Por último, y con carácter general, en el ejercicio del margen de apreciación de que dispone en lo que respecta a la facultad de solicitar a los licitadores que aclaren su oferta, la entidad adjudicadora está obligada a tratar a los licitadores del mismo modo y con lealtad, de manera que, al término del procedimiento de selección de las ofertas y en vista de los resultados de éste, no pueda concluirse que una petición de aclaraciones benefició o perjudicó indebidamente al licitador o licitadores que la recibieron (sentencia SAG ELV Slovensko y otros, antes citada, apartado 41)".*

Así mesmo, reforza a súa postura citando tamén a xurisprudencia do Tribunal Supremo ao respecto:

> *"Por ello, el Tribunal Supremo se ha mostrado cauto a la hora de pronunciarse sobre la subsanación en de errores u omisiones en la oferta. La ha admitido cuando se trataba de errores puramente formales y de fácil remedio, como la firma de la proposición económica (cfr.: Sentencias del Tribunal Supremo, Sala III, de 6 de julio de 2004 —Roj STS 4839/2004— y 21 de septiembre de 2004 —Roj STS 5838/2004—), la representación del que suscribió la oferta (cfr.: Sentencia del Tribunal Supremo, Sala III, de 9 de julio de 2002 —Roj STS 5093/2002—) e incluso cuando se trataba de la acreditación documental de un elemento que el Pliego consideraba como criterio de adjudicación y que se había invocado expresamente en la proposición aunque no justificado de manera suficiente (cfr.: Sentencia del Tribunal Supremo; Sala III, de 25 de mayo de 2015 —Roj STS 2415/2015—). A estos efectos, el Alto Tribunal ha enfatizado que la preclusión de aportaciones documentales tiene por objeto evitar sorpresas o "estratagemas poco limpias", rechazando por ello posturas formalistas que conduzcan a la exclusión de licitadores por defectos fácilmente subsanables, por entender que ello contravendría el principio de libre concurrencia (cfr.: Sentencias ya citadas de 21 de septiembre de 2004 —Roj STS 5838/2004— y 9 de julio de 2002 —Roj STS 5093/2002—).*
>
> *Sin embargo, el mismo Alto Tribunal ha rehusado extender tales consideraciones al cumplimiento de otras formalidades exigidas en los pliegos, como la inclusión de un anexo resumen de las características de la oferta (cfr.: Sentencia del Tribunal Supremo, Sala III, de 12 de abril de 2012 —Roj STS 2341/2012—, que resalta la necesidad de respetar la igualdad entre los empresarios concurrentes) o la firma de inge-*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

*niero en la propuesta técnica, por entender en este caso que afecta al contenido material de la misma (cfr.: Sentencia del Tribunal Supremo, Sala III, de 21 de julio de 2011 —Roj STS 5023/2011-), respecto del cual entiende que no cabe subsanación (cfr.: Sentencia del Tribunal Supremo, Sala III, de 10 de noviembre de 2006 —Roj STS 7295/2006—)"*

Finaliza aplicando a referida doutrina ao casuismo que xenera a práctica contractual e sentando os seguintes criterios:

a) Supostos en que non se pode esixir ao órgano de contratación que requira aclaración da oferta:

   1. Cando o incumprimento é patente (Resolucións 223/2021 do 5 de marzo ou 283/2021 do 26 de marzo).

   2. Cando a oferta adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, isto é, cando o seu cumprimento sexa imposible nos termos en que foi orixinalmente formulada (Resolucións 833/2021 do 8 de xullo, 840/2021 do 8 de xullo, 1439/2021 do 21 de outubro ou 181/2022 do 10 de febreiro, entre outras), ben porque omita elementos necesarios (Resolución 161/2022 do 3 de febreiro), ben porque existan inconsistencias ou ambigüidade que impidan coñecer o seu real contido (Resolucións 484/2021 do 29 de setembro ou 117/2022 do 27 de xaneiro).

b) Supostos en que é admisible solicitar a aclaración da oferta:

   1. Cando non completa ou varía a oferta inicial (Resolucións 393/2017 do 28 de abril, 1589/2021 do 12 de novembro ou 1697/2021 do 25 de novembro), e non ten relevancia sobre a súa valoración (Resolución 69/2022 do 20 de xaneiro).

Unha vez analizada a doutrina relativa á subsanación de ofertas podemos concluír que esta é admisible en determinadas circunstancias. Procede agora determinar, aplicando a mesma, se o erro cometido polo licitador (e incontrovertido por outra banda, dado que o recoñece no escrito de recurso) ten a consideración de erro emendable e debeu requirirse ao recorrente para a súa rectificación, ou se, pola contra, tal e como interpretou a Mesa de Contratación, trátase de elementos esenciais que han de reflectirse na oferta e non procede permitir a corrección da mesma.

En opinión da informante, o recorrente "varía sustancialmente o modelo de proposición", pois recordemos que se solicitaba unha porcentaxe de desconto único aplicable aos catro prezos unitarios fixados no prego e o licitador ofertou unha porcentaxe de desconto para cada un destes prezos unitarios. Recordemos que afirma que estes catro porcentaxes de desconto se poden reducir a un so, se aplicamos a cada un dos medios persoais a ponderación fixada na memoria económica como carga de traballo de cada un deles e sumando os resultados. No entanto, en primeiro lugar, para chegar a ese resultado é preciso facer varias operacións que non se deducen da súa oferta, polo que non se trata dunha aclaración dun erro material ou de feito, nin se corrixe cunha simple operación aritmética, senón que é preciso realizar máis dunha para chegar á suposta porcentaxe de desconto única, e en ningún caso se poden deducir as mesmas da súa oferta. Tal e como afirma o servizo xestor, reproducindo o informe de valoración do sobre C solicitado pola mesa de contratación e que serveu de base a exclusión da oferta pola mesa que:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 23/12/2025 09:12 | Páxina 105 de 108 |
| 1994-1102 Aprobado por XGL 19/12/2025 | CSV: AAAAD8-EB8EC3-BEC95F-Z4X93Z-RFHLTN-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

> *“Segundo consta no informe de valoración de criterios obxectivos de data “07/11/2025” dado que no PCAP se pide un único porcentaxe de desconto sobre os prezos unitarios de cada un dos perfís para realizar a valoración e en tanto non se prevé unha formula para conseguir ese porcentaxe único de desconto no caso de que a oferta non aporte dito valor e amose un detalle, (moda, media ou outra formula estatística que permita reducir un detalle a unha soa cantidade), dos porcentaxes dos distintos prezos únicos non sé considera posible realizar unha valoración da oferta do licitador COREMAIN SLU polo que se propón a sua exclusión”.*

É preciso ter en conta que a porcentaxe ponderada de carga de traballo de cada un dos medios persoais esixidos é unha mera previsión realizada polo servizo xestor para calcular o orzamento base de licitación do contrato na memoria económica, que non é documento contractual, senón un documento preparatorio do prego. No mesmo, o servizo xestor consigna os datos económicos que a área de Contratación debe trasladar ao prego de cláusulas administrativas particulares e os xustifica.

A maior abundamento, reforza a inconsistencia da xustificación do recorrente o feito de que o contrato que nos ocupa é un contrato de servizos segundo necesidades. O seu obxecto é “ *a prestación dos servizos necesarios de deseño, desenvolvemento, posta en marcha e soporte dun servizo de automatización mediante o uso de tecnoloxías de robotización (RPA, Robotic Process Automation), incluíndo catro procesos xa robotizados, e o servizo de recoñecemento de textos (OCR- Optical Character Recognition) e a integración coa batería de servizos web de que dispón o bus de servizos municipal*” (apartado 2.A da FEC). O órgano de contratación non foi quen de definir con exactitude o volume das prestacións requiridas para a posta en marcha do servizo de automatización mediante tecnoloxías de robotización, por estar subordinadas as mesmas ás necesidades da Administración, polo que fixou un orzamento máximo e prezos unitarios para ir aboando as diferentes prestacións realizadas polo futuro contratista. En consecuencia, a carga de traballo ponderada fixada para calcular este orzamento máximo, é orientativa e non pode ser utilizada polo recorrente para xustificar o calculo da suposta porcentaxe de desconto única.

Á vista do exposto, e aplicando a citada doutrina, podemos concluír que:

- O artigo 84 do RGLCSP permite a mesa de contratación o rexeitamento de proposicións cando a oferta presentada “*variara sustancialmente el modelo establecido*”, como no presente caso, no que o recorrente fixa catro porcentaxes de desconto en vez de uno como recolle o modelo de proposición do apartado 6.B.3 da FEC.
- Non se pode esixir ao órgano de contratación que requira aclaración da oferta por canto o incumprimento é patente (Resolucións 223/2021 do 5 de marzo e 283/2021 do 26 de marzo do TACRC).
- Non procede solicitar a aclaración por canto substituír catro porcentaxes de desconto por un so supón unha variación da oferta inicial (Resolucións 393/2017 do 28 de abril, 1589/2021 do 12 de novembro e 1697/2021 do 25 de novembro do TACRC).

Polo que, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar do Tribunal a desestimación desta alegación do recorrente polo TACGAL, caso de ser admitido o recurso.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

## -VI-

## Conclusións

Recapitulando, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de adxudicación.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de adxudicación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

## -VII-

## Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente solicita a suspensión do procedemento. Esta Administración considera adecuado para o interese público suspender o procedemento, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

## -VIII-

## Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"1º.- Aprobar o presente informe.*

*2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia".*

S.ord. 12/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(944).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 23/12/2025 09:12:34

Documento asinado